

CURRÍCULUM

CN

SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas troncais

Área de Ciencias da natureza

Os coñecementos científicos intégranse no currículo da educación primaria para proporcionar ao alumnado as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu medio natural. O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual (saber dicir), un coñecemento relativo ás destrezas (saber facer) e un coñecemento con grande influencia social e cultural e que implica un conxunto de valores e actitudes (saber ser). As competencias clave non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

O argumento sinalado, que fala dun proceso, deberá permitir a aproximación ao método científico e ao uso das tecnoloxías de maneira secuenciada. Ao ingresar en educación primaria, o período evolutivo fala dun pensamento intuitivo, global e concreto: o alumnado non está suxeito a unha previa análise ou dedución lóxica, senón que a súa expresividade nace da intuición ou da percepción sensorial; así inicia o ensino primario cun conxunto de ideas, representacións, coñecementos, habilidades, destrezas e disposicións emocionais e afectivas relacionadas co contorno, que estrutura en forma de esquemas xunto a teorías ou hipóteses que lle permiten dar resposta a todo o que sucede ao seu redor.

A interpretación, comprensión, explicación e expresión da realidade non son habilidades autónomas dunha determinada área. Precisan da confluencia de todas as áreas de coñecemento, favorecendo unha visión interdisciplinaria na que cada equipo docente e cada mestra ou mestre deseñará, implementará e avaliará tarefas integradas contextualizadas nas que o alumnado se implique nun proceso que o leve acadar un produto que satisfaga as competencias que se sinalan, para cada particularidade.

O currículo da área está formulado partindo do desenvolvemento cognitivo e emocional no que se atopa o alumnado desta etapa, da concreción do seu pensamento, das súas posibilidades cognitivas, do seu interese por aprender e relacionarse cos seus iguais e co contorno e da súa andaina cara a un pensamento máis abstracto ao final da etapa.

Todos os aspectos da área de Ciencias da natureza son concibidos como ámbitos de aprendizaxe desde os cales se pode facer fincapé na comprensión da realidade e no desenvolvemento de actitudes críticas. Preténdese que os alumnos e as alumnas desenvolvan as súas habilidades cognitivas de observar, comparar, ordenar, clasificar, inferir, transferir, representar, avaliar...

A adquisición de conceptos científicos non debe ser o único propósito da área senón que tamén debe lograr introducir o valor funcional da ciencia para que o alumnado sexa quen de explicar fenómenos cotiáns proporcionándolles as ferramentas para explorar a realidade natural de forma obxectiva, rigorosa e comprobada. Debe fomentar a curiosidade sobre fenómenos novos ou problemas inesperados, a necesidade de respectar o medio

ambiente, o espírito de iniciativa e tenacidade, a confianza en si mesmo/a, a necesidade de coidar do seu propio corpo, o pensamento crítico que non se contenta cunha actitude pasiva, a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico e permitirlles pensar e desenvolver o seu pensamento de forma independente así como respectar a opinión dos e das demais e iniciarse na argumentación e no debate de ideas.

Os contidos están organizados en 5 bloques que, dada a súa interrelación, non deben ser traballados de forma illada senón integrada. O tratamento dos seus conceptos debe permitir ao alumnado avanzar na adquisición de ideas do coñecemento científico e na súa estruturación e organización, de forma coherente e articulada. Por outra banda, os contidos procedementais, relacionados co “saber facer” teórico e práctico, han de permitir ao alumnado iniciarse en coñecer e empregar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e análise de problemas, a recollida, a organización e o tratamento de datos, a emisión de hipóteses, o deseño e desenvolvemento da experimentación, a busca de solucións e o emprego de fontes de información, incluíndo as proporcionadas polos medios tecnolóxicos actuais e a comunicación dos resultados obtidos. Para o desenvolvemento de actitudes e valores, os contidos seleccionados han de promover a curiosidade, o interese, o respecto por si mesmo/a, polos demais, pola natureza e cara ao traballo propio das ciencias experimentais, así como unha actitude de colaboración no traballo en grupo.

O bloque 1: Iniciación á actividade científica, oriéntase basicamente aos coñecementos necesarios para a planificación, realización e posterior comunicación dos resultados de tarefas integradas, proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións. Integra así coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais necesarios para o desenvolvemento dos catro bloques restantes tendo, polo tanto, carácter fundamental e transversal para o desenvolvemento da área.

O bloque 2: O ser humano e a saúde, integra coñecementos, habilidades e destrezas encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención de condutas de risco e a desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo/a para valorarse como diferente, respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.

O bloque 3: Os seres vivos, oriéntase fundamentalmente ao coñecemento, respecto e aprecio das plantas e dos animais, á iniciación aos outros reinos e ao interese por conservar a biodiversidade.

O bloque 4: Materia e enerxía, inclúe contidos relacionados coas propiedades dos materiais e as diferentes formas de enerxía, as consecuencias medioambientais do seu uso, así como a experimentación de fenómenos físicos e químicos sinxelos.

O bloque 5: A tecnoloxía, aparellos e máquinas, inclúe basicamente contidos relacionados coas máquinas e cos aparellos de uso cotián, a enerxía que empregan e os avances científicos e tecnolóxicos que inflúen nas condicións de vida actual.

Por último, establécense as seguintes orientacións metodolóxicas:

Os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Resulta imprescindible unha estreita colaboración entre os docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza.

Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

Resulta recomendable a aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado como, por exemplo, o portfolio, as rúbricas, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas...

Debe potenciarse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

No currículo establécense os estándares de aprendizaxe avaliábeis que permitirán definir os resultados das aprendizaxes e que concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer na área de Ciencias da natureza. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, una vez finalizada esta, deberán estar acadados e consolidados.

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
▪ b ▪ e ▪ h ▪ i	▪ B1.1. Iniciación á actividade científica. ▪ B1.2. Emprego de diferentes fontes de información. ▪ B1.3. Lectura de textos propios da área. ▪ B1.4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados. ▪ B1.5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). Xestión de ficheiros.	▪ B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.	▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			▪ CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	▪ CCL ▪ CMCCT
			▪ CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).	▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCT ▪ CD
			▪ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ h	▪ B1.6. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.	▪ B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	▪ CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.	▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT
▪ a ▪ b ▪ c ▪ e	▪ B1.7. Traballo individual e cooperativo. ▪ B1.8. A igualdade entre homes e mulleres. A conduta responsable. ▪ B1.9. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos. Toma de de-	▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais	▪ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CSIEE

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ g ▪ h ▪ i	con paciencia e calma. Toma de decisións: criterios e consecuencias. ▪ B1.10. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. ▪ B1.11. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro. ▪ B1.12. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade. ▪ B1.13. Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula. ▪ B1.14. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adicción.		▪ CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m	▪ B1.15. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.	▪ B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	▪ CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	- CCL - CMCCT - CSC - CD - CAA - CSIEE
BLOQUE 2 - O SER HUMANO E A SAÚDE				
- e - h	- B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento. - B2.2. Anatomía e fisioloxía. - B2.3. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. - B2.4. Diferentes tipos de células. Os virus e as bacterias.	B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	CMCCT
- e - h	- B2.5. As funcións vitais no ser humano. - B2.6. Función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso e aparello locomotor). - B2.7. Función de nutrición (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor). - B2.8. Función de reprodución (aparello reprodutor).	B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.	CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	- CMCCT - CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- a - b - c - d - h - k - m	- B2.9. Saúde e enfermidade. - B2.10. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano. - B2.11. Hábitos saudables para previr enfermidades. - B2.12. Trastornos alimenticios. - B2.13. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. - B2.14. Tipos de dietas. - B2.15. Análise de etiquetas de produtos. - B2.16. Avances da ciencia que melloran a saúde e a vida. - B2.17. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.	B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.	- CMCCT - CCL - CSC
			CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.	- CMCCT - CCL - CAA - CSC
			CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	- CMCCT - CAA - CSC
			CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).	- CMCCT - CCL - CSC
			CNB2.3.5. Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais.	- CMCCT - CSC
			BLOQUE 3. OS SERES VIVOS	
- e - h	- B3.1. Seres vivos, seres inertes. Diferenciación. - B3.2. Organización e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións.	B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	- CCL - CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- e - h - l	- B3.3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. - B3.4. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación. - B3.5. As plantas: estrutura e fisioloxía. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra.	B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	- CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos: - Reino animal. - Reino das plantas. - Reino dos fungos. - Outros reinos.	CMCCT
			CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.	- CMCCT - CAA
			CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.	- CMCCT - CCL
- a - e - h - l - i - o	- B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Características e compoñentes dun ecosistema. - B3.7. Ecosistemas: pradería, poza, lagoa, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábi-	B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos	CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.	- CMCT - CCL
			CNB3.3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.	- CMCCT - CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	tats dos seres vivos. - B3.8 Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. - B3.9. Uso de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos. - B3.10. Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos. - B3.11. Uso da lupa para a observación científica.	de respecto e coidado cara aos seres vivos.	- CNB3.3.3. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies. - CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica. - CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados.	- CMCCT - CSC - CMCCT - CMCCT - CCL - CD - CAA
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
- e - h	- B4.1. Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía. - B4.2. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás. - B4.3. Os cambios de estado. As reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.	B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.	- CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado. - CNB4.1.2. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.	- CMCCT - CAA - CSIEE - CMCCT - CAA - CSIEE

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- e - h	- B4.4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables.- - B4.5. Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. - B4.6. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para a sociedade.	B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionas co desenvolvemento enerxético e sostible.	CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.	- CMCCT - CCL
			CNB4.2.2. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.	- CMCCT - CSC - CCL
- e - h	- B4.7. Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento diante da luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade. - B.4.8. Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.	B4.3. Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.	CNB4.3.1. Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.	- CAA - CMCCT - CSIEE - CCL
			CNB4.3.2. Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.	- CMCCT - CCL
- e - h	- B4.9. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor). - B4.10. Atracción e repulsión de cargas eléctricas. - B4.11. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución. - B4.12. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.	B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.	CNB4 4.1 Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.	CMCCT
			CNB4.4.2. Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.	CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.13. Normas de prevención de riscos.		CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.	- CMCCT - CAA - CSIEE - CCL - CD
			CNB4.4.4. Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.	- CMCCT - CAA
			CNB4.4.5. Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.	- CMCCT - CSC
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
- e - h	- B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade. - B5.2. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello.	B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.	CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.	- CMCCT - CAA
			CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.	- CMCCT - CCL
			CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.	- CMCCT - CSC

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ g ▪ h ▪ j	▪ B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.	▪ B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron.	▪ CNB5.2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.)	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
▪ e ▪ h	▪ B5.4. A electricidade no desenvolvemento das máquinas. ▪ B5.5. Elementos dos circuitos eléctricos. ▪ B5.6. Efectos da electricidade. ▪ B5.7. Condutores e illantes. ▪ B5.8. A relación entre electricidade e magnetismo.	▪ B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.	▪ CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.	▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CCL
			▪ CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.	▪ CMCCT
▪ e ▪ h	▪ B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade. ▪ B5.10. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos. ▪ B5.11. Importantes descubrimentos e inventos.	▪ B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.	▪ CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC

CURRÍCULUM

CS

SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas troncais

Área de Ciencias sociais

A área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global.

O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás implica, por unha banda, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación ao seren estes bens comúns e compartidos.

A mobilización de todos os recursos que conforman a área contribuirá á adquisición das competencias clave e ao desenvolvemento integral do alumnado ao longo de toda a etapa. Para iso, os elementos curriculares de Ciencias sociais deberán abordarse desde un enfoque metodolóxico práctico, integral, de uso social e con carácter funcional.

A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. A organización de contidos da área por bloques establécese en base a estes ámbitos co fin de facilitar a concreción curricular da área e da etapa. En ningún caso, o desenvolvemento curricular se limitará a seguir esta estrutura, senón que os contidos serán abordados dun xeito global e interdisciplinar.

Nun primeiro lugar, no Bloque 1, se establecen os contidos comúns da área, facendo referencia ás distintas técnicas, estratexias e métodos de traballo que potencian e favorecen a adquisición de aprendizaxes sobre o coñecemento do medio por parte do alumnado. Polo tanto, este bloque constitúe o eixe fundamental para abordar os elementos curriculares dos outros bloques cun enfoque transversal. Supón, ademais, a iniciación no coñecemento científico, non como saber disciplinar senón como un conxunto de procesos, destrezas e actitudes que contribúen a explorar e comprender a realidade.

O uso das ferramentas TIC tamén ten especial consideración neste bloque pois se considera recurso fundamental, entre outras fontes, para a busca de información, simulación de procesos e presentación de conclusións referidas ás Ciencias sociais.

Por último, neste apartado destaca a importancia que ten o traballo en equipo como punto de partida para unha participación activa e construtiva da vida social e como medida de atención á diversidade que favorece o proceso de inclusión do alumnado.

No Bloque 2, O mundo no que vivimos, realízase o estudo da xeografía, tanto da contorna próxima, achegando ao alumnado á realidade que coñece, como de contextos máis afastados para fomentar unha visión máis completa. No desenvolvemento deste bloque utilizaranse diferentes tipos de fontes xeográficas de información: textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos, facendo especial atención no territorio galego e español. O bloque inclúe contidos que abranguen desde o Universo, a representación da Terra e a orientación no espazo, a auga e o consumo responsable, o clima e o cambio climático, a paisaxe e os seus principais elementos (relevo, clima, hidrografía...) e a intervención humana no medio e as súas consecuencias ambientais.

A través dos contidos do Bloque 3, Vivir en sociedade, será posible iniciar un proceso de comprensión das características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas e ás persoas integrantes, a produción e reparto dos bens de consumo, sectores de produción, a vida económica dos cidadáns e cidadás, a capacidade emprendedora dos membros da sociedade e a función dinamizadora da actividade empresarial na sociedade, a organización social, política e territorial galega e española e o coñecemento do territorio, institucións e poboación europeas.

No Bloque 4, As pegadas do tempo, traballarase a comprensión de conceptos como o tempo histórico e a súa medida, a capacidade de ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade a través da realización de cronogramas, liñas do tempo, mapas mentais, árbores xenealóxicas, biografías etc. Investigarase sobre as grandes etapas históricas da humanidade para adquirir unha idea da idade da historia, asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e seus finais, sendo preciso coñecer as condicións históricas, eventos e persoas relevantes en diferentes períodos de tempo. É importante para o alumnado adquirir as referencias históricas que lles permitan elaborar unha interpretación persoal do mundo, a través duns coñecementos básicos da historia de Galicia e de España, respectando e valorando os aspectos comúns e de carácter diverso.

Neste bloque utilizaranse diversas fontes textuais e gráficas como mapas e calquera outra representación adecuada para a identificación e a análise de procesos históricos.

O tratamento de todos os aspectos curriculares establecidos nos bloques comentados anteriormente, a adquisición eficaz das competencias clave por parte del alumnado e a súa contribución ao logro dos obxectivos da etapa educativa, requiren ter en conta unha serie de principios metodolóxicos e de organización que permitan avanzar cara mellora dos resultados:

Deseño e desenvolvemento de propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas, cunha finalidade e funcionalidade clara, planificadas con rigor, que impliquen e posibiliten a activación da variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento de todas as competencias ao longo de toda a etapa. Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inqueda, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o seu pensamento, a reflexión crítica e facilite o proceso de autorregulación das aprendizaxes. O traballo por proxectos, os estudos de casos, a aprendizaxe baseada en problemas, as experiencias de aprendizaxe por servizo, as prácticas de aprendizaxe colaborativa, as prácticas de ensinanza e aprendizaxe baseadas no pensamento crítico e creativo e as experienciais en comunidades de aprendizaxe serán propostas que responderían a ese perfil.

É fundamental na área de Ciencias sociais o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

A planificación e o desenvolvemento destas propostas levan asociada a utilización de diversos instrumentos de avaliación: cartafol, diarios, rúbricas, debates, mapas mentais, probas específicas etc. que evidencian os distintos graos de execución das aprendizaxes. Destaca o papel activo do alumnado no proceso de avaliación, pois o uso do cartafol lle permite potenciar a autonomía e desenvolver o pensamento crítico e reflexivo.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.

O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado.

O persoal docente deberá buscar propostas e estratexias que activen ao alumnado que promovan a curiosidade e a motivación neste, de cara á investigación e resolución de problemas e que lle permitan ser consciente de que el é o responsable das súas aprendizaxes.

Desde o equipo educativo e as distintas comisións de coordinación fomentárase unha reflexión metodolóxica conxunta da que xurda unha proposta de centro común, acordada e compartida á hora de desenvolver un currículo coherente cun enfoque global e interdisciplinar que garanta o cumprimento dos principios pedagóxicos que se propoñen desde a área de Ciencias sociais. A existencia de contidos compartidos entre distintas áreas fai necesaria a dita coordinación docente e a dita concepción integral da proposta curricular.

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS				
▪ e ▪ h	▪ B1.1.Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das fases do mesmo e a súa aplicación nas Ciencias sociais. ▪ B1.2.Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).	▪ B1.1.Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)	▪ CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD
▪ e ▪ h ▪ i	▪ B1.3.Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións. ▪ B1.4.Desenvolvemento de estratexias para organizar, assimilar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes. ▪ B1.5.Técnicas de traballo intelectual.	▪ B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	▪ CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. ▪ CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
▪ e ▪ h ▪ b ▪ i	▪ B1.6.Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. Elaboración dun glosario colectivo.	▪ B1.3.Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	▪ CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
o	- B1.7. Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa. - B1.8. Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.		CCB1.3.2. Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.	- CCL - CAA - CMCCT - CSC
- h - b - i	B1.9. Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fonte de información.	B1.4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.	CSB1.4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	- CAA - CD - CSIEE - CSC - CCL - CMCCT
- h - b	B1.10. Utilización de técnicas para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.	B1.5. Valorar o traballo en grupo, amosando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	CSB1.5.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	- CSC - CAA - CSIEE
			CSB1.5.2. Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	- CSC - CAA
- a - h - i	B1.11. Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.	B1.6. Respecta a variedade dos diferentes grupos humanos e valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.	CSB1.6.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.	- CSC - CAA

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- a - c	B1.12.Participación activa e construtiva na vida social.	B1.7.Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social creando estratexias para resolver conflitos e empregando códigos de conduta xeralmente aceptados.	CSB1.7.1.Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida da aula e do centro e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos entre seus compañeiros	- CSC - CAA
			CSB1.7.2.Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos (escola, familia, barrio etc.)	- CSC - CAA
- a - h	B1.13.A cooperación e o diálogo como valores democráticos fundamentais.	B1.8.Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.	CSB1.8.1.Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.	- CSC - CAA
- b - d	B1.14.Iniciativa emprendedora. Actividades de experimentación.	B1.9.Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.	CSB1.9.1.Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean.	- CSIEE - CSC - CAA
			CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	- CAA - CSIEE
- a - b - c	B1.15.Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos.	B1.10.Desenvolver actitudes en cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.	CSB1.10.1.Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.	- CSC - CAA - CSIEE

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			CSB1.10.2.Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.	- CSC - CAA - CSIEE
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA				
- h - g - e - i	- B2.1.Cartografía. Planos, mapas e planisferios. - B2.2.Tipos de mapas: físicos, políticos e temáticos. - B2.3. Escalas e signos convencionais dun mapa. - B2.4.Técnicas de orientación no espazo. Elaboración dun itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais.	B2.1.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	CSB2.1.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	- CMCCT - CAA
- e - g - h	B2.5.O clima. Elementos e factores climáticos.	B2.2.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.	CSB2.2.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan	- CMCCT - CCL
- e - h - o	- B2.6.A paisaxe: elementos que o forman, tipos de paisaxes. - B2.7.Características dos principais paisaxes de España e de Europa	B2.3.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.	CSB2.3.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.	- CMCCT - CCL - CSC
- e - h	- B2.8.A diversidade xeográfica das paisaxes de Europa: relevo, climas e hidrografía. - B2.9. Utilización e consulta en sistemas de información xeográfica.	B2.4.Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.4.1.Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.	CMCCT

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			CSB2.4.2.Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.	- CMCCT - CAA
- a - b - h	- B2.10.A intervención humana no medio. Consumo responsable. Os problemas da contaminación. - B2.11.O desenvolvemento sostible. - B2.12. Elaboración dun plan de reciclaxe.	B2.5.Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.	CSB2.5.1.Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoptando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.	- CSC - CMCCT - CAA - CCL
- a - b - h	B2.13.O cambio climático: causas e consecuencias.	B2.6. Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.	CSB2.6.1 Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.	- CSC - CMCCT - CAA - CCL
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE				
- a - d - h	- B3.1.A Unión Europea. - B3.2.A organización económica, social, política e territorial da Unión Europea. Aproximación a algunhas características significativas dos países europeos a través dun proxecto cooperativo.	B3.1.Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.	CSB3.1.1.Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.	- CSC - CAA
			CSB3.1.2.Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.	- CSC - CCEC - CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ d ▪ g ▪ h ▪ i	▪ B3.3.Demografía e poboación. Variables demográficas. ▪ B3.4.Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación. ▪ B3.5.Representación gráfica de datos demográficos: as pirámides de poboación.	▪ B3.2.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partir dos datos de poboación.	▪ CSB3.2.1.Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.	▪ CSC ▪ CCL
			▪ CSB3.2.2 Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA
▪ d ▪ g ▪ o ▪ h	▪ B3.6 Poboación de Europa: distribución e evolución.	▪ B3.3.Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.	▪ CSB3.3.1.Describe as principais características da poboación española e europea.	▪ CSC ▪ CCL
			▪ CSB3.3.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
			▪ CSB3.3.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.	▪ CSC ▪ CCL
			▪ CSB3.3.4.Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea.	▪ CSC ▪ CMCCT
▪ a ▪ d ▪ o ▪ h	▪ B3.7.Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de emigrantes ao noso país, problemas actuais da poboación. Estudo dos movementos migratorios da familia.	▪ B3.4.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.	▪ CSB3.4.1.Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
			▪ CSB3.4.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.	▪ CSC ▪ CCEC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- h - o	- B3.8.As actividades económicas e os sectores produtivos de España e Europa. - B3.9.A produción de bens e servizos.	B3.5.Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.	CSB3.5.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	- CSC - CMTC
			CSB3.5.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes	- CSC - CCL
- b - h	B3.10.O consumo e a publicidade. Debates sobre a influencia da publicidade nas nosas prácticas diarias.	B3.6.Describir o funcionamento da publicidade e as súas técnicas distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista.	CSB3 6.1.Valora con espírito crítico a función da publicidade e recoñece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos.	- CSIEE - CAA - CSC
- g - h - b	B3.11.Educación financeira. O diñeiro. O aforro. Elaboración dun presuposto persoal.	B3.7.Tomar conciencia do valor do diñeiro e dos seus usos mediante un consumo responsable e o sentido do aforro.	CSB3 7.1.Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles	- CSIEE - CAA - CMCCT - CSC
			CSB3 7.2.Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno presuposto persoal.	- CSIEE - CAA - CMCCT - CSC
			CSB3.7.3.Investiga sobre diferentes estratexias de compra, comparando prezos e recopilando información.	- CSIEE - CAA - CMCCT - CSC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ h	▪ B3.12.Empregabilidade e espírito emprendedor.	▪ B3.8.Comprender os beneficios que ofrece o espírito emprendedor.	▪ CSB3 8.1.Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade.	▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CSC
▪ h	▪ B3.13.A empresa. Actividade e funcións.	▪ B3.9.Explica as características esenciais dunha empresa, especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver distinguindo entre os diferentes tipos de empresas.	▪ CSB3.9.1.Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen ás actividades que desenvolven.	▪ CSC ▪ CMCCT
			▪ CSB3.9.2.Describe diversas formas de organización empresarial.	▪ CCL ▪ CSC
			▪ CSB3.9.3.Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e a economía, ilustrando as definicións con exemplos.	▪ CCL ▪ CSC
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO				

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ g ▪ h ▪ i ▪ o ▪ b	▪ B4.1.As idades da historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. ▪ B4.2.As fontes históricas e a súa clasificación. Realización dun traballo expositivo seleccionando e clasificando distintas fontes (artísticas, literarias, gráficas, estatísticas, cartográficas, orais, etc.)	▪ B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	▪ CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CMCCT
▪ g ▪ h ▪ i	▪ B4.3.O tempo histórico e a súa medida. ▪ B4.4.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia.	▪ B4.2.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	▪ CSB4.2.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ o ▪ h	▪ B4.5.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XIX. ▪ B4.6.España na Idade Contemporánea I: o século XIX. ▪ B4.7.As transformacións económicas	▪ B4.3.Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa	▪ CSB4.3.1.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCEC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B4.7.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XX. - B4.8.España na Idade Contemporánea II: o século XX. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia. - B4.9.España na Unión Europea. - B4.10.O Mundo Actual. Realización de arquivos sobre temas de actualidade.	evolución.	CSB4.3.2.Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas.	- CMCCT - CSC - CCEC
			CSB4.3.3.Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.	- CSC - CCEC - CAA
			CSB4.3.4.Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España citando os seus representantes máis significativos.	- CCEC - CMCCT - CSC
			CSB4.3.5.Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.	- CSC - CCEC - CAA
			CSB4.3.6.Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.	- CSC - CCEC - CAA
- d - o - h	- B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural. - B4.12.Patrimonio da Humanidade. Elaboración dunha guía sobre os sitios e lugares Patrimonio da Humanidade.	B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	- CSC - CCEC - CAA

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			CSB4.4.2. Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.	- CSC - CCEC - CAA
- d - o - h	B4.13. Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo.	B4.5. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	CSB4.5.1. Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	- CSC - CCEC - CAA
			CSB4.5.2. Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	- CSC - CCEC - CAA

CURRÍCULUM

LCL

SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas troncais

Área de Lingua castelá e literatura

O ensino da área de Lingua castelá e literatura ao longo da educación primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade.

A lingua apréndese, non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo. Ademais, a lingua é o medio das relacións interpersoais e a porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, o profesorado de lingua debe guiar o alumnado para facelo usuario consciente do potente instrumento que é a lingua, a competencia en comunicación lingüística, para comprender, crear e/ou transformar o seu mundo; utilizar a potencia do manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz, e lograr un avance substancial no desenvolvemento das súas posibilidades.

Nesta concepción da lingua como instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento, debe situarse o ensino da Literatura. Transmisora de cultura e tamén liberadora, a Literatura incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexión crítica. E vai de par coa lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para crealos. Así, a aprendizaxe da literatura debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade.

En consecuencia co anterior, o currículo da área de Lingua castelá e literatura organízase en bloques que responden á educación literaria, ás actividades lingüísticas ou destrezas esenciais para a comunicación oral e escrita, e ao coñecemento metalingüístico.

O Bloque 1 Comunicación oral: escoitar e falar establece as habilidades necesarias para que os nenos e nenas comuniquen con precisión as súas propias ideas e axusten o propio discurso, cada vez máis elaborado segundo se avanza na etapa, ás distintas situacións de comunicación. Ademais, aborda aspectos esenciais da interacción social como a escoita atenta e o respecto das ideas dos e das demais.

Está pois centrado na xestión das relacións sociais a través do diálogo e na planificación e exposición dos discursos orais.

Este bloque inclúe, ademais, os elementos non verbais como parte integrante do proceso comunicativo, xa que en moitas ocasións actúan como reguladores do proceso de comunicación, contribuíndo a ampliar, modificar ou reducir o significado da mensaxe.

Os Bloques 2 e 3 Comunicación escrita: ler e escribir deben fomentar o achegamento, en contextos persoais, académicos e sociais á comprensión e produción de textos de diferente tipoloxía, atendendo tanto a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) como a intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos)

Comprender un texto implica poñer en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse en todas as esferas da vida e en calquera finalidade de lectura: ler para obter información, ler para aprender ou ler por pracer.

Pola súa parte, o bloque sobre a escritura pretende a aprendizaxe desta como un procedemento estruturado en tres fases: planificación do escrito, redacción, e revisión de borradores antes de producir o texto definitivo. Así, a ensinanza da escrita non se debe centrar no produto final, elaborado de forma individual ou en grupo, senón en todo ao proceso de escritura. Do mesmo modo, a avaliación está ligada a todo o desenvolvemento do texto escrito, no que, ademais, a revisión en grupo como práctica habitual contribuirá a favorecer a aprendizaxe autónoma.

O Bloque 4 Coñecemento da lingua responde á necesidade de suscitar a aprendizaxe progresiva metalingüística para apropiarse do léxico e das regras gramaticais e ortográficas imprescindibles para o uso adecuado da lingua, é dicir, falar, ler e escribir correctamente. Debe ser unha aprendizaxe fundamentalmente funcional e significativa, integrada no proceso de lectura e escritura.

O Bloque 5 Educación Literaria pretende implicar aos alumnos e alumnas nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a súa vida. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa do alumnado, dálle acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfróntao a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento do mesmo. Os nenos e nenas deben ir adquirindo, coa guía do persoal docente, os recursos persoais propios dunha persoa lectora activa. Do mesmo xeito, foméntase a produción de textos persoais con intención literaria a través de proposta de tarefas lúdicas e creativas.

O currículo deste século non pode deixar de lado as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Toda a súa potencialidade en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico-comunicativas debe aproveitarse nas aulas para favorecer interactivamente tanto a aprendizaxe de linguas e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado como a propia aprendizaxe do uso destas tecnoloxías.

A organización do currículo en bloques e a secuencia destes non indican xerarquía nas aprendizaxes dentro do aula, ben ao contrario, estas deben ser abordadas desde enfoques comunicativos e, na medida do posible, globalizadores e interdisciplinares, que teñan en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Os métodos utilizados deben enfocarse á posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real ou verosímiles as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.

A integración das TIC debe ir acompañada dun cambio metodolóxico que oriente a aprendizaxe da lingua cara á mellora dos usos comunicativos, desterrando das aulas prácticas rutineiras centradas na análise e descrición de unidades lingüísticas descontextualizadas. Para iso, o uso das TIC nas actividades de ensino- aprendizaxe debe darse sempre no marco de proxectos de comunicación, inscritos en situacións reais, que teñan sentido para o alumnado e cuxa finalidade sexa a produción e a comprensión de textos reais tanto de carácter oral como escrito.

Así mesmo, nas decisións metodolóxicas deben terse en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, e potencien a inclusión do alumnado

En canto á avaliación, é recomendable a utilización de diferentes técnicas como, por exemplo, o portfolio, as rúbricas, mapas conceptuais, debates, solución de problemas contextualizados, ademais das probas específicas.

A implicación das familias non proceso de ensino-aprendizaxe é un factor a potenciar, xa que o proceso de ensino-aprendizaxe competencial dáse tanto desde os ámbitos formais coma nos informais e non formais. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo dos nenos e nenas nas linguas que vaian adquirindo ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilicen. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender na escola. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan certos contidos similares, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación primaria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben ser abordados de maneira parella, ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas. Así pois, o profesorado implicado no proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso da educación primaria, deberá organizar o seu labor para evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos.

En consonancia co anterior, é preciso que o profesorado utilice a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Ademais, no centro teñen presenza lingua(s) estranxeira(s) que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais,

e para unificar a terminoloxía. Pois, non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e a(s) ambiental(is).

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				
- a - c - e	B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; papel de persoa moderadora; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e das demais.	LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).	- CCL - CAA - CSC
			LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.	- CCL - CAA
			LCB1.1.3. Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.	- CCL - CAA - CSC
			LCB1.1.4. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.	- CCL - CAA - CSC
e	B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.	B1.2. Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais.	LCB1.2.1. Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais	CCL
- a - b - e	B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e	B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vo-	LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.	CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	conerente.	cabulario preciso e estrutura conerente.	LCB1.3.2. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado.	CCL
			LCB1.3.3. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: Debates e diálogos. Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación.	- CCL - CD - CAA - CSC - CSIEE
			LCB1.3.4. Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.	- CCL - CAA - CSC - CSIEE
e	B.1.4. Valoración crítica de mensaxes verbais e non verbais.	B1.4. Analizar e valorar con sentido crítico as mensaxes orais.	LCB1.4.1. Aмосa unha actitude de escoita atenta.	CCL
			LCB1.4.2. Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	- CCL - CAA
			LCB1.4.3. Interpreta o sentido dos elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (léxico, locucións).	- CCL - CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	▪ B1.5. Valoración dos contidos transmitidos polo texto. Dedución das palabras polo contexto. Ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.	▪ B1.5. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso	▪ LCB1.5.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe.	▪ CCL
			▪ LCB1.5.3. Diferenza polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas (palabras homófonas, homónimas, parónimas, polisémicas).	▪ CCL
▪ e	▪ B1.6. Comprensión de textos orais segundo a súa tipoloxía. Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas.	▪ B1.6. Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos.	▪ LCB1.6.1. Identifica o tema do texto.	▪ CCL
			▪ LCB1.6.2. Identifica as ideas principais dun texto.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB1.6.3. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.	▪ CCL ▪ CCA
▪ b ▪ e	▪ B1.7. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese. ▪ B1.8. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.	▪ B1.7. Memorizar e reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.	▪ LCB1.7.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- a - e	B1.9. Identificación da finalidade comunicativa de textos de diferentes tipoloxías: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos) Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas.	B1.8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	LCB1.8.1. Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.	- CCL - CAA
			LCB1.8.2. Responde de forma correcta a preguntas correspondentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais.	- CCL - CAA
			LCB1.8.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva.	- CCL - CD - CAA - CSC - CSIEE
- b - e	B1.10. Expresión e produción de textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos argumentativos, expositivos, instrutivos, informativos e persuasivos.	B1.9. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos.	LCB1.9.1. Reproduce comprensiblemente textos orais breves e sinxelos imitando modelos e axustándose á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			- LCB1.9.2. Recorda algunhas ideas básicas despois de escoitar un texto e exprésasas oralmente en resposta a preguntas directas. - LCB1.9.3. Organiza e planifica o discurso axeiándose á situación de comunicación e aos diferentes modos discursivos (narrar, describir, informarse e dialogar) empregando os recursos lingüísticos pertinentes.	- CCL - CCA - CCL - CAA - CSIEE
- a - b - e	B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.	B1.10. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade.	LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.	- CCL - CAA - CSC - CSIEE
- b - d - e	B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.	B1.11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas.	- LCB1.11.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet. - LCB1.11.2. Transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos.	- CCL - CD - CAA - CSC - CCL - CSC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCB1.11.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas do seu interese, seguindo modelos.	- CCL - CAA - CSIEE
			LCB1.11.4. Prepara, seguindo modelos, reportaxes sobre temas de seu interese.	- CCL - CAA - CSIEE
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER				
▪ e	- B2.1. Consolidación do sistema de lecto-escritura. - B2.2. Lectura en voz alta de distintos tipos de texto-	B2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.	CCL
			LCB2.1.2. Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras.	CCL
▪ e	- B2.3. Comprensión de textos, en voz alta e en silencio, segundo o seu tipoloxía. - B2.4. Audición de diferentes tipos de textos.	B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.	- CCL - CAA
			LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	- CCL - CAA
▪ e	B2.5. Lectura, en silencio, e comprensión de distintos tipos de texto.	B2.3. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.	LCB2.3.1. Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade.	CCL
			LCB2.3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos.	CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	▪ B2.6. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.	▪ B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	▪ LCB2.4.1. Capta o propósito de diferentes tipoloxía textuais. Identifica as partes da súa estrutura organizativa, analiza a súa progresión temática.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.4.3. Recoñece algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto.	▪ CCL
			▪ LCB2.4.4. Elabora esquemas a partir de textos expositivos.	▪ CCL
▪ e	▪ B2.7. Comprensión de textos segundo a súa tipoloxía.	▪ B2.5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.	▪ LCB2.5.1. Interpreta o valor do título e as ilustracións.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.5.2. Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.5.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.	▪ CCL ▪ CMCT ▪ CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCB2.5.6. Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sinxelos.	- CCL - CAA
e	- B2.8. Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión. - B2.9. Selección de libros segundo o gusto persoal. - B2.10. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.	B2.6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.6.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos.	- CCL - CAA - CSIEE
			LCB2.6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra.	- CCL - CAA - CSIEE
- b - e - i	B2.11. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe	B2.7. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.	LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo.	- CCL - CD - CAA
- a - b - e	B2.12. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.	B2.8. Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos.	LCB2.8.1. Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.	- CCL - CAA
			LCB2.8.2. Comprende textos xornalísticos e publicitarios. Identifica a súa intención comunicativa. Diferenza entre información, opinión e publicidade.	- CCL - CAA - CSC
			LCB2.8.3. Infirme, interpreta e formula hipótese sobre o contido. Sabe relacionar os elementos lingüísticos cos non lingüísticos nos diferentes tipos de textos.	- CCL - CAA - CSC
			LCB2.8.4. Establece relación entre as ilustracións e os contidos do texto, presenta hipóteses, realiza predicións, e identifica na lectura o tipo de texto e a intención.	- CCL - CMCT - CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCB2.8.5. Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos publicitarios.	- CCL - CCEC
- a - e - i	- B2.13. Uso guiado das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información. - B2.12. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.	B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	LCB2.9.1. Utiliza os medios informáticos para obter información.	- CCL - CD - CAA
			LCB2.9.2. Interpreta a información e fai un resumo da mesma.	- CCL - CAA
e	- B2.8. Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión. - B2.11. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe. - B2.14. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.	B2.10. Desenvolver o Plan lector que dea resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia lectora e fomenta o gusto pola lectura.	LCB2.10.1. Utiliza a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento da mesma.	- CCL - CAA - CSIEE
			LCB2.10.2. Expón os argumentos de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora, editorial, xénero ou ilustracións.	- CCL - CAA - CCEC
			LCB2.10.3. Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de lecer manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.	- CCL - CAA - CSIEE - CCEC
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR				

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	▪ B3.1. Produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). ▪ B3.2. Cohesión do texto: enlaces, substitucións léxicas, mantemento do tempo verbal e puntuación. ▪ B3.3. Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto e coma, guión, dous puntos, raia, signos de entoación, parénteses, etc). Acentuación. ▪ B3.4. Orde e presentación.	▪ B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	▪ LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes,	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
			▪ LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB3.1.3. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.	▪ CCL ▪ CCA ▪ CSIEE
▪ e	▪ B3.5. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, estrutura...). ▪ B3.6. Revisión e mellora do texto. ▪ B3.7. Realización de ditados.	▪ B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	▪ LCB3.2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.	▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCB3.2.3. Reproduce textos ditados con corrección.	CCL
			LCB3.2.4. Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais.	- CCL - CD - CAA - CSIEE
e	B3.3. Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto e coma, guión, dous puntos, raia, signos de entoación e parénteses).Acentuación.	B3.3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.	LCB3.3.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en papel e en liña, no proceso de escritura.	- CCL - CAA
- a - e	B3.8. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómicos.	B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.	LCB3.4.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais e revistas).	- CCL - CAA
			LCB3.4.2. Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e informático, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.	- CCL - CD - CAA - CSIEE
			LCB3.4.3. Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.	- CCL - CD - CAA - CSIEE - CCEC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	▪ B3.2. Cohesión do texto: enlaces, substitucións léxicas, mantemento do tempo verbal, puntuación.	▪ B3.5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.	▪ LCB3.5.1. Pon interese e esforzase por escribir correctamente de forma persoal.	▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ e	▪ B3.8. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic.	▪ B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	▪ LCB3.6.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista.	▪ CCL ▪ CAA
▪ e	▪ B3.9. Producción de textos segundo o Plan de escritura.	▪ B3.7. Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.	▪ LCB3.7.1. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ LCB3.7.2. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	▪ CCL ▪ CSC
▪ b ▪ e ▪ i	▪ B3.8. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic. ▪ B3.9. Producción de textos segundo o Plan de escritura.	▪ B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	▪ LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
▪ e	- B4.1. A palabra. - B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronomes, artigos, interxeccións). - B4.3. Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes.	B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.	▪ CCL
			LCB4.1.2. Conxuga e usa con corrección todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos.	▪ CCL
			LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.	▪ CCL
▪ e	- B4.4. Vocabulario: sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos na formación de nomes, adxectivos e verbos. Siglas e abreviaturas. - B4.5. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. - B4.6. Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais (de orde, contraste e explicación) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto	B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Identifica e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.	▪ CCL
			LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.	▪ CCL
			LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.	▪ CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	gramaticais (substitucións pronominais) coma léxicos (elipses e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos).		LCB4.2.4. Recoñece e usa os conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade...	CCL
			LCB4.2.5. Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferencia suxeito e predicado.	CCL
e	B4.7. Uso eficaz do dicionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.	B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.1. Recoñece a estrutura do dicionario e tipos de dicionario, en diferentes soportes e úsaos para buscar o significado de calquera palabra (derivadas e sinónimas).	- CCL - CAA
			LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario.	- CCL - CAA
			LCB4.3.3. Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas.	CCL
e	- B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronomes, artigos, interxeccións). - B4.8. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación.	B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Sinala as características que definen ás diferentes clases de palabras e nomes: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións.	CCL
			LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.	CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	- B4.9. Clases de nomes: comúns, propios, individuais, colectivos, concretos e abstractos. - B4.10. Utilización adecuada dos signos de puntuación. - B4.11. As relacións gramaticais. Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.		LCB4.4.3. Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.	CCL
			LCB4.4.4. Usa con corrección os signos de puntuación.	CCL
			LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til.	CCL
			LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias.	CCL
- e - i	B4.12. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.	B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.	- CCL - CD - CAA
- d - e - i - o	- B4.13. As variedades da lingua. - B4.14. Coñecemento xeral de realidade plurilingüe de España e a súa valoración como fonte de enriquecemento persoal e como unha mostra da riqueza	B4.6. Coñecer a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostrar respecto tanto cara ás linguas e dialectos que se falan en España, como	LCB4.6.1. Valora a variedade lingüística de España e o español de América.	- CCL - CSC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	perseguir como unha mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.	cara ao español de América.	LCB4.6.2. Recoñece e identifica algunhas das características relevantes (históricas, socioculturais, xeográficas e lingüísticas) das linguas oficiais en España.	- CCL - CSC
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				
- d - e	B5.1. Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.	B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.	LCB5.1.1. Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.	- CCL - CCEC
- d - e	- B5.2. Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países. - B5.3. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. - B5.4. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais. - B5.5. Identificación de recursos literarios.	B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros.	LCB5.2.1. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	- CCL - CCEC
			LCB5.2.2. Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos literarios.	- CCL - CAA
- d - e	B5.5. Identificación de recursos literarios.	B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns ou adiviñas.	LCB5.3.1. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas	- CCL - CCEC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCB5.3.2. Utiliza comparacións, metáforas, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.	- CCL - CCEC
- d - e - i	B5.6. Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.	B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.	- CCL - CAA - CSIEE - CCEC
- a - d - e	- B5.7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - B5.8. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.	B5.5. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral.	LCB5.5.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados á súa idade e de textos de produción propia.	- CCL - CAA - CSC - CCEC
			LCB5.5.2. Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións, refráns e adiviñas.	- CCL - CAA - CCEC
- b - e - o	B5.9. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LCB5.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	- CCL - CSC - CCEC

CURRÍCULUM

MA

SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas troncais

Área de Matemáticas

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade etc. e axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada. Son unha agrupación de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e as situacións que se presentan na realidade para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntármonos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que levan consigo, sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas e non só utilizar cantidades e formas xeométricas.

Na educación primaria é fundamental o rol do persoal docente, pois debe ser capaz de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a aplicación dos coñecementos en situacións contextualizadas. Debe orientar a construción individual e colectiva de coñecementos matemáticos que ensinen aos nenos e nenas a desenvolver as súas aprendizaxes e que os e as animen a ter as súas propias opinións confrontándoas criticamente con outras fontes de información para melloralas. Búscase alcanzar unha eficaz alfabetización numérica, entendida como a capacidade para enfrontarse con éxito a situacións nas que interveñan os números e as súas relacións. Para lograr este obxectivo non basta con dominar os algoritmos de cálculo escrito, é necesario actuar con seguridade ante os números e as cantidades, utilízalos sempre que sexa necesario e identificar as relacións básicas que se dan entre eles.

O traballo nesta área na educación primaria estará asentado na experiencia, as matemáticas apréndense utilizándoas en contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá, para ir adquirindo progresivamente coñecementos máis complexos a partir das experiencias e dos coñecementos previos. A aprendizaxe baseada en competencias debe abordarse de forma conxunta entre todas as áreas e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais, coma nos non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso. Para lograr este cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria na que cada persoa docente deseñará, implementará e avaliará tarefas integradas nas que o alumnado acade ou elabore un produto social relevante. Para isto é necesario secuenciar unha serie de actividades e exercicios que impliquen procesos cognitivos de diferente nivel. Tendo en conta todo o anterior, resulta imprescindible o traballo colaborativo entre eles, coas familias e con entidades sociais do contexto e unha estreita colaboración entre o persoal docente no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

Os procesos de resolución de problemas constitúen un dos eixes principais da actividade matemática e deben ser fonte e soporte principal da aprendizaxe ao longo da etapa, posto que constitúen a pedra angular da Educación matemática. Na resolución dun problema requírense e utilízanse

moitas das capacidades básicas ata a comunicación dos resultados: ler, reflexionar, planificar o proceso de resolución, establecer estratexias e procedementos e revisalos, modificar o plan se é necesario, comprobar a solución se se encontrou.

O currículo básico formulouse partindo do desenvolvemento cognitivo e emocional no que se encontra o alumnado desta etapa, da concreción do seu pensamento, das súas posibilidades cognitivas, do seu interese por aprender e relacionarse cos seus iguais e co ámbito, e do seu paso cara a un pensamento abstracto cara ao final da etapa.

Os contidos organizáronse en cinco grandes bloques para facilitar a concreción curricular: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas. Números. Medida. Xeometría. Estatística e probabilidade. Pero esta agrupación non determina métodos concretos, só é unha forma de organizar os contidos que serán abordados dun xeito enlazado atendendo a configuración cíclica do ensino da área e construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Esta agrupación implica unha organización aberta que permitirá distribuír de diferentes maneiras os contidos adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas.

O Bloque 1 é a columna vertebral do resto dos bloques e debe formar parte do quefacer diario na aula para traballar o resto dos contidos e conseguir que todo o alumnado, ao rematar a educación primaria, sexa quen de describir e analizar situacións de cambio, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións. Débese traballar no afondamento nos problemas resoltos, formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc., expresando verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, utilizando procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.

Por último, establecéronse os estándares de aprendizaxe avaliábles que permitirán definir os resultados das aprendizaxes, e que concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer na área de Matemáticas. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da educación primaria e deberán estar todos acadados e consolidados ao finalizar a etapa.

Tendo en conta todo o antedito establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, consolidación e integración dos diferentes estándares por parte do alumnado:

Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.

A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.

Os métodos utilizados deben partir da perspectiva do persoal docente como persoal orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, deben enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema nas que o alumnado debe resolver facendo uso

axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

Resulta fundamental a motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas, polo que o persoal docente deberá xerar neles e nelas a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, susténtase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

Resulta recomendable a aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado como por exemplo o portfolio, as rúbricas, mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, solución de problemas...

O profesorado debe involucrarse na elaboración e no deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

A implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe é un factor determinante que tentaremos potenciar activamente. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular, con criterios consensuados, unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS				
▪ b ▪ g	▪ B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	▪ B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	▪ MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.	▪ CMCT ▪ CAA
▪ b ▪ e ▪ g ▪ i	▪ B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	▪ B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.	▪ MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.	▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CD
▪ b ▪ g	▪ B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.	▪ B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.	▪ MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.	▪ CMCT ▪ CAA ▪ CSIEE
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas. ▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	▪ B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	▪ MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.	▪ CMCT ▪ CAA
			▪ MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.	▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ g ▪ i	▪ B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.	▪ B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	▪ MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.	▪ CMCT ▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.	▪ CMCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
▪ b ▪ e ▪ g ▪ i	▪ B1.3. Confiianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. ▪ B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. ▪ B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	▪ B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.	▪ MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.	▪ CMCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE
BLOQUE 2. NÚMEROS				

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións. ▪ B2.2. A numeración romana. ▪ B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. ▪ B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras. ▪ B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc. ▪ B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. ▪ B2.7. O número decimal: décimas, centésimas e milésimas. ▪ B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica. ▪ B2.9. Os números decimais: valor de posición. ▪ B2.10. Números positivos e negativos. ▪ B2.11. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.	▪ B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	▪ MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.	▪ CMCT ▪ CCEC
			▪ MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. ▪ B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc. ▪ B2.12. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo. ▪ B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica. ▪ B2.9. Os números decimais: valor de posición. ▪ B2.13. Redondeo de números decimais ás décima, centésima ou milésima máis próxima. ▪ B2.10. Números positivos e negativos. ▪ B2.14. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares.	▪ B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	▪ MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL
			▪ MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.	▪ CMCT
▪ g	▪ B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador. ▪ B2.13. Redondeo de números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. ▪ B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.	▪ B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.	▪ MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.	▪ CMCT
			▪ MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.	▪ CMCT
			▪ MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.	▪ CMCT

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ g	▪ B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador. ▪ B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.	▪ B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).	▪ MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.	▪ CMCT
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B2.18. Estimación de resultados. ▪ B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. ▪ B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.	▪ B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	▪ MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. ▪ MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas. ▪ MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.	▪ CMCT ▪ CMCT ▪ CCL ▪ CMCT ▪ CAA
▪ b ▪ g	▪ B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade. ▪ B2.21 Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división. ▪ B2.22. Potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos. Potencias de base 10. ▪ B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división.	▪ B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	▪ MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10. ▪ MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. ▪ MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.	▪ CMCT ▪ CMCT ▪ CMCT

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	- B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais. - B2.24. Operacións con fraccións. - B2.25. Operacións con números decimais. - B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.		MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.	- CMCT - CAA
- b - e - g	- B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións. - B2.27. Porcentaxes e proporcionalidade. - B2.28. Expresión das partes utilizando porcentaxes. - B2.29. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. - B2.30. Aumentos e diminucións porcentuais. - B2.31. Proporcionalidade directa. - B2.32. A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade. - B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.	B2.7. Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.	CMCT
			MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.	CMCT
			MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.	CMCT
			MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.	- CMCT - CAA
			MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.	- CMCT - CCL - CAA
- b - g	- B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade. - B2.18. Estimación de resultados.	B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos da realidade.	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).	- CMCT - CAA

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	▪ B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división. ▪ B2.34. Automatización de algoritmos. ▪ B2.35. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa. ▪ B2.36. Descomposición de números naturais atendendo o valor de posición das súas cifras. ▪ B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes. ▪ B2.38. Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado. ▪ B2.39. Obtención de todos os divisores de calquera número menor de 100. ▪ B2.40. Descomposición de números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras. ▪ B2.41. Cálculo de tantos por cen en situacións reais. ▪ B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental. ▪ B2.43. Utilización da calculadora.	de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	▪ MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.	▪ CMCT
			▪ MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.	▪ CMCT
			▪ MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd.	▪ CMCT
			▪ MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.	▪ CMCT
			▪ MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.	▪ CMCT
			▪ MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.	▪ CMCT ▪ CAA

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. ▪ B2.44. Resolución de problemas da vida cotiá.	▪ B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	▪ MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE
			▪ MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE
BLOQUE 3. MEDIDA				
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. ▪ B3.2. Realización de medicións. ▪ B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.	▪ B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.	▪ MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.	▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA
			▪ MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	▪ CMCT ▪ CAA
▪ g	▪ B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. ▪ B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e	▪ B3.2. Operar con diferentes medidas	▪ MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	▪ CMCT

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	aproximada.		▪ MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	▪ CMCT
	▪ B3.6. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición. ▪ B3.7. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.		▪ MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	▪ CMCT
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados. ▪ B3.9. Equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.	▪ B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.	▪ MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume. ▪ MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados. ▪ MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.	▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA
▪ b ▪ g	▪ B3.10. O sistema sesaxesimal. ▪ B3.11. O ángulo como unidade de medida dun ángulo. Medida de ángulos.	▪ B3.5. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	▪ MTB3.5.1. Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.	▪ CMCT ▪ CAA

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ g	▪ B3.12. Resolución de problemas de medida.	▪ B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	▪ MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	▪ CMCT ▪ CAA ▪ CSIEE
BLOQUE 4. XEOMETRÍA				
▪ g	▪ B4.1. Posicións relativas de rectas e circunferencias. ▪ B4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice... ▪ B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos. ▪ B4.4. A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.	▪ B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	▪ MTB4.1.1. Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias.	▪ CMCT
			▪ MTB4.1.2. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...	▪ CMCT
			▪ MTB4.1.3. Describe posicións e movementos por medio de coordenadas, distancias, ángulos, xiros...	▪ CMCT
			▪ MTB4.1.4. Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.	▪ CMCT
			▪ MTB4.1.5. Identifica en situacións moi sinxelas a simetría do tipo axial e especular.	▪ CMCT
▪ g ▪ i	▪ B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación. ▪ B4.6. Clasificación de triángulos aten-	▪ B4.2 Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapezio e rombo.	▪ MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.	▪ CMCT

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	dendo os seus lados e os seus ángulos.		MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.	- CMCT - CD
- b - g	- B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación. - B4.6. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.	B4.3. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.	MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.	CMCT
			MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.	- CMCT - CAA
g	- B4.7. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos. - B4.8. Concavidade e convexidade de figuras planas. - B4.9. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.	B4.4. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.	MTB4.4.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.	CMCT
			MTB4.4.2. Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.	CMCT
- b - g	B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.	B4.5. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,...), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).	- CMCT - CAA

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B4.11. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	▪ B4.6. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	▪ MTB4.6.1 Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.	▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE
			▪ MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.	▪ CMCT ▪ CAA
BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE				
▪ b ▪ g	▪ B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.	▪ B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	▪ MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.	▪ CMCT ▪ CAA
▪ b ▪ g	▪ B5.2. Construción de táboas de frecuencias absolutas e relativas. ▪ B5.3. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango. ▪ B5.4. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais	▪ B5.2. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	▪ MTB5.2.1. Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.	▪ CMCT ▪ CAA
			▪ MTB5.2.2. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.	▪ CMCT ▪ CAA

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	poligonais e sectoriais. B5.5. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.		- MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas. - MTB5.2.4. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas	- CMCT - CAA
g	B5.6. Carácter aleatorio dalgunhas experiencias	B5.3. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.	MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.	CMCT
- b - g	B5.6. Carácter aleatorio dalgunhas experiencias.	B5.4. Observar e constatar que hai sucesos imposibles, sucesos que con case toda seguridade prodúcense ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición.	MTB5.4.1. Realiza conxecturas e estimacións sobre algún xogos (moedas, dados, cartas, loterías...)	- CMCT - CAA
- b - e - g	B5.7. Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.	B5.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB5.5.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.	- CMCT - CAA - CCL - CSIEE

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			▪ MTB5.5.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.	▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE

CURRÍCULUM

PLE

SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas troncais

Área de Primeira lingua estranxeira: inglés

A lingua é o instrumento por excelencia da comunicación e da aprendizaxe, por iso as linguas forman parte da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que as relacións entre individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes. Neste marco, é esencial que, desde as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotar ás cidadás e aos cidadáns de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra, pois, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística eficaz é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

Pola súa parte, o Marco común europeo de referencia para as linguas define os niveis de dominio da lingua que permiten determinar as competencias lingüísticas do alumnado en cada fase da aprendizaxe ao longo da súa vida. A educación primaria constitúe a fase inicial desa aprendizaxe de linguas estranxeiras e a base para que o alumnado, ao rematar a súa educación e formación escolar, teña unhas competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira que lle permitan achegarse ao seu uso independente.

Na Comunidade Autónoma de Galicia o contacto cunha primeira lingua estranxeira iníciase a partir do segundo ciclo da educación infantil, co obxectivo de proporcionarlles aos nenos e ás nenas as primeiras experiencias no seu uso oral. Así, este alumnado accede á educación primaria cunha certa experiencia e familiarización coa devandita lingua. Desde esta perspectiva, o currículo nesta etapa, se ben inicialmente dá prioridade ás actividades lingüísticas ou destrezas orais nos primeiros cursos, establece gradualmente a aprendizaxe das outras destrezas para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa oral e escrita eficaz e contextualizada nos intereses, necesidades e preferencias propios destas idades.

Un currículo de lingua estranxeira para a formación da cidadanía na sociedade da información non pode deixar de lado as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Toda a súa potencialidade en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico-comunicativas debe aproveitarse nas aulas para favorecer interactivamente tanto a aprendizaxe da lingua estranxeira e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado como a propia aprendizaxe do uso destas tecnoloxías. A utilización das TIC posibilita o acceso a informacións sobre outras culturas e os seus costumes, reafirma as destrezas orais e escritas, facilita o enriquecemento do vocabulario, fixa unha ortografía correcta e estimula a aprendizaxe autónoma.

O currículo está estruturado para cada curso da etapa en cinco bloques que, aínda que se presentan separados para maior claridade, deben ser entendidos como inseparables na práctica lingüística e en cada acto comunicativo.

O bloque 1 Comprensión de textos orais recolle diversos aspectos da comprensión oral. Nel abórdanse estratexias comunicativas necesarias para comprender en contextos reais ou simulados e iniciar o camiño cara á adquisición e posterior desenvolvemento das estratexias de comprensión oral da lingua estranxeira. Nesta liña, considera, por unha parte, a activación dos coñecementos previos, a partir de ilustracións, da mímica e de preguntas, para comprender o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais sinxelas. Pola outra, establece variedade de contextos de comunicación, que deberán fornecer modelos lingüísticos igualmente variados tanto no aspecto fonético e prosódico como no uso de expresións concretas en situacións coñecidas de interaccións verbais. Para conseguir este propósito, a utilización de recursos audiovisuais e das TIC é imprescindible.

O bloque 2 Produción de textos orais aborda o desenvolvemento de habilidades de produción oral. A súa finalidade é dotar aos alumnos e ás alumnas de estratexias e destrezas comunicativas necesarias para interactuar en contextos reais ou simulados. Mediante a aprendizaxe dos contidos establecidos, o alumnado poderá usar a lingua oral en tarefas básicas como falar de si mesmo/a, conseguir que os demais o atendan e entendan, pedir e dar a información que lle interesa tanto dentro da aula como fóra dela, tanto no ambiente escolar como en situacións propias doutros ámbitos próximos á súa idade. Progresivamente, o currículo ten en conta as aprendizaxes necesarias para describir, explicar, relatar, dar razóns, ideas, predicir, preguntar, aclarar ou opinar cun grao de dominio propio desta etapa.

O bloque 3 Comprensión de textos escritos céntrase en aspectos da comprensión escrita. A adquisición das destrezas lectoras necesarias, a descodificación do texto e lectura funcional, desenvólvense progresivamente nos distintos cursos para que o alumnado poida adquirir os coñecementos e habilidades que lle permitan un dominio progresivo da comprensión da lingua escrita. Faise fincapé en fomentar a afección pola lectura como fonte de gozo, formación, aprendizaxe, fantasía e descubrimento doutros contornos e culturas.

O bloque 4 Produción de textos escritos: expresión e interacción expón o desenvolvemento e uso progresivo e autónomo da escritura, partindo do afianzamento da expresión oral. A complexidade da expresión escrita require unha conexión estreita co correspondente traballo na lingua oral da lingua estranxeira e nas outras linguas das que incorporarán os procedementos básicos que dan coherencia, cohesión, adecuación e riqueza aos seus escritos.

O bloque 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural enumera as funcións, nocións e elementos e estruturas lingüísticas que van posibilitar o uso reflexivo da lingua para comprender e interactuar en diferentes situacións de comunicación. Igualmente, considéranse neste bloque elementos sociolingüísticos e culturais que condicionan as persoas falantes da lingua estranxeira e que informan doutras maneiras de ver, entender e apreciar o mundo.

O alumnado aprenderá progresivamente a comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe, lograr unha competencia comunicativa integrada e alcanzar unha consciencia intercultural que lle permita comunicar con certa sintonía cultural.

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe están organizados dentro dos cinco grandes bloques e o seu tratamento ten que ser abordado desde unha óptica competencial. As relacións entre estes tres elementos do currículo non son unívocas, debido á especial natureza da

actividade lingüística. Isto supón que, para cada unha das tarefas comunicativas listadas e descritas nos estándares de aprendizaxe, haberá de incorporarse o conxunto dos contidos recollidos para cada bloque de actividade respectivo. Deste mesmo xeito, para avaliar o grao de adquisición de cada un dos estándares de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, haberán de aplicarse todos e cada un dos criterios de avaliación recollidos e descritos para a tarefa correspondente.

Desde o punto de vista metodolóxico, os enfoques que se adopten deberán considerar os principios básicos que facilitan a aprendizaxe dunha lingua e cultura estranxeira a estas idades no contexto escolar. Partindo deste feito, fomentárase un uso contextualizado da lingua, no marco de situacións comunicativas propias de ámbitos diversos propios destas idades, e que permitan a utilización real e motivadora da lingua. O xogo, sobre todo nos primeiros anos, e a realización de tarefas conxuntas, ademais de permitir asentar adecuadamente as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, contribúen a que a área desenvolva o papel educativo que lle corresponde como instrumento de socialización. A medida que o alumnado avanza en idade, evolucionarase desde un procesamento da lingua de carácter esencialmente semántico a un procesamento sintáctico máis avanzado. Polo tanto, o ensino das linguas estranxeiras na educación primaria enmarcarase en enfoques comunicativos e cun tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas, facendo fincapé durante toda a etapa na comunicación oral e na consciencia intercultural.

Por outra parte, debe existir coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, para evitar a repetición de contidos propios da aprendizaxes de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e a(s) ambiental(is). Polo tanto, é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo profesorado que as imparte.

Finalmente, cómpre ter en conta no actual contexto educativo galego a implantación, na rede de centros docentes plurilingües e nos centros docentes con seccións bilingües, do ensino-aprendizaxe integrado de contidos e linguas estranxeiras. Isto supón a necesidade dunha estreita coordinación entre o profesorado que imparte lingua estranxeira e o que a utiliza como instrumento de ensino doutras áreas curriculares.

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS				
▪ b ▪ f	▪ B1.1. Estratexias de comprensión: - Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). - Formulación de hipótese sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.	▪ B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual. ▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. ▪ B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	▪ PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).	▪ CCL ▪ CAA
			▪ PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).	▪ CCL ▪ CAA
			▪ PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			▪ PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			▪ PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			▪ PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.	▪ CAA

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		B1.4. Discriminar patrones sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).	- CCL - CAA
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN				

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ f ▪ i	▪ B2.1. Estratexias de produción: Planificación Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Adeguar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso. Execución Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facen concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais. Lingüísticos Modifican palabras de significado	▪ B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación. ▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar. ▪ B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo. ▪ B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que	▪ PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.	▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS				
▪ b ▪ f ▪ i	▪ B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). Formulación de hipótese sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal. ▪ B3.3. Funcións comunicativas: Saúdos e presentacións, desculpas,	▪ B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual. ▪ B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. ▪ B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen. ▪ B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £), e identificar os significados e	▪ PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).	▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	agradecementos, invitacións. Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. Narración de feitos pasados remotos e recentes. Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. Establecemento e mantemento da comunicación. B3.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas: Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía.	intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	- PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.). - PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).	- CCL - CAA - CCL
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN				

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ f ▪ i	▪ B4.1 Estratexias de produción: Planificación: Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.). Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.).	▪ B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	▪ PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Execución: Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). B4.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas: Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía.	- B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen. - B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. - B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente. - B4.8. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.	PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	- CCL - CD - CAA - CSC
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL				
- b - f	B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal, así como a realidade plurlingüe e multicultural da propia contorna.		PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que tratan sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.	- CCL - CAA - CSC

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	- B5.2 Funcións comunicativas: Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. Narración de feitos pasados remotos e recentes. Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. Establecemento e mantemento da comunicación. - B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because); finalidade (to- infinitive, e. g. I did it to help her); comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest). Relaciones temporais (when; before; after). Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)). Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!).	- B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto. - B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais. - B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática). - B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación.	- PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntarlle o prezo). - PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano). - PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe. - PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	- CCL - CAA - CSC - CCL - CD - CSC - CCL - CSC - CCL - CAA

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Negación (negative sentences with not, never, non (Adj.), nobody, nothing; Non (+ negative tag)). Interrogación (Wh- questions; Aux. questions). Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will). Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start –ing); terminativo (finish –ing). Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will). Expresión da existencia (there is/ are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.). Expresión da cantidade (singular/ plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough). Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin	temos as súas propias experiencias de comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información). - B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses. - B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos). - B5.7. Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos). - B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na con-		

CURRÍCULUM

EF

SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas específicas

Área de Educación física

A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesión de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica, Aprender a Aprender, Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, Conciencia e Expresións Culturais e Matemática e Científico Tecnolóxica e, en menor medida, a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Dixital.

Na educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Isto implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

A Educación física ao longo da educación primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

A proposta curricular de Educación física permitirá organizar as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas ao longo do paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu nivel madurativo, a lóxica interna das diversas actividades e aqueles elementos que afectan de maneira transversal a todos os bloques como son as capacidades físicas e coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde.

As propostas didácticas deben incorporar a reflexión e a análise do que acontece e a creación de estratexias para facilitar a transferencia de coñecementos a outras situacións.

O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con gran influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

Para facilitar a concreción curricular de Educación física establécense trece criterios de avaliación que se concretizan nos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Estes permitirán definir os resultados da aprendizaxe, e concretarán mediante accións o que alumnado debe saber e saber facer na área de Educación física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, unha vez finalizada esta, deberán estar todos acadados e consolidados.

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

Bloque 1. Contidos comúns.

Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.

Bloque 3. Habilidades motrices.

Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.

Bloque 5. Actividade física e saúde.

Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta agrupación non determina métodos concretos, responde a unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da área, construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, pola contra, permitirá organizar de diferentes maneiras os contidos, adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e á relación coa contorna, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Como consecuencia de todo o anterior, establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, consolidación e integración dos diferentes estándares por parte do alumnado:

A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.

A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.

As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

Deberá buscarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.

Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular con criterios consensuados unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				
- a - c - d - k - m	- B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas - B1.2..Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. - B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. - B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.	B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.	EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	- CSC - CAA - CSIEE
			EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	- CCL - CAA - CSC
			EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	- CSC - CAA - CSIEE
			EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	- CSC - CSIEE - CAA
i	- B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. - B1.6 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	- CD - CAA
			EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.	- CCL - CD - CAA
			EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	- CCL - CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ a ▪ k ▪ l ▪ n	▪ B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. ▪ B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. ▪ B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. ▪ B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. ▪ B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.	▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	▪ CSC ▪ CAA
			▪ EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
			▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	▪ CSC
			▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	▪ CSC ▪ CAA
			▪ EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	▪ CSC ▪ CAA
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
▪ b ▪ k ▪ m	▪ B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. ▪ B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. ▪ B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.	▪ B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	▪ CSC ▪ CAA
			▪ EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES				
▪ b ▪ j ▪ k	▪ B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. ▪ B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións. ▪ B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural. ▪ B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción. ▪ B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas. ▪ B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais. ▪ B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.	▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	▪ EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.	▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.		EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	- CSC - CAA - CSIEE
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
- b - d - j - k - m - o	- B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal. - B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal),	B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	- EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. - EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	- CCEC - CSC - CAA - CCEC - CSC - CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo). - B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento. - B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.		EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.	- CCEC - CAA - CSC - CSIEE
	B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.		EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.	- CCEC - CAA - CSC
- b - d - j	B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas.	B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.	EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	- CMCCT - CSC - CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ k	vas. ▪ B4.7. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.		▪ EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
▪ a ▪ b ▪ k	▪ B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). ▪ B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual,	▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	▪ EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas. ▪ EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). ▪ EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. ▪ EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.		EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	- CSC - CAA - CSIEE
k	B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.	B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	- CAA - CSIEE - CSC
			EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	- CAA - CMCCT - CSC
			EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	- CAA - CSIEE - CSC
			EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	- CAA - CMCCT - CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ k	▪ B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos. ▪ B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.	▪ B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	▪ EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
▪ a ▪ b ▪ k ▪ m	▪ B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. ▪ B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.	▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	▪ EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. ▪ EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
▪ d ▪ k ▪ m ▪ o	▪ B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. ▪ B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.	▪ B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	▪ EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza. ▪ EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. ▪ EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	▪ CCL ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- a - b - k	- B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. - B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.	B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	- CMCCT - CSC - CAA
			EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	- CMCCT - CAA - CSC
			EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	- CMCCT - CAA - CSC
			EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	- CMCCT - CCL - CSC - CAA
- k - l - n - o	- B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. - B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. 6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.	B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	- CSC - CAA
			EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	- CSC - CAA

CURRÍCULUM

VSC

SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas específicas

Área de Valores sociais e cívicos

Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social. De aí a importancia de que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, consonte valores cívicos socialmente recoñecidos.

A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas –persoais, interpersoais e interculturais– para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

A proposta desta área, formar ás persoas desde o inicio da educación primaria na reflexión e a vivencia de valores, responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado, fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencien a participación individual para lograr fins colectivos. Deste xeito, enriquecéanse as experiencias sociais dos alumnos e das alumnas, tendo en conta que viven en sociedade mentres se forman e que as vivencias compartidas na escola enriquecen as súas aprendizaxes.

A área incita á reflexión e propón aprendizaxes relativas á dignidade persoal, ao respecto aos demais e aos valores sociais na convivencia. En primeiro lugar, o propósito é que cada alumno e cada alumna adquiera as competencias necesarias para construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade. Unha vez elaborada a súa identidade persoal, o neno e a nena están preparados para recoñecer o outro ou outra. Por iso, indúcese á empatía, ao respecto e á tolerancia das outras persoas e propóñense elementos relacionados coas habilidades necesarias para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

Unha vez que as persoas somos quen de coñecernos e aceptarnos á vez que comprendemos e respectamos os demais, podemos asumir a complexidade da convivencia social. Neste momento, estímúlanse actitudes que propician a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade de acordo cos valores, dereitos e deberes do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Constitución Española.

Neste sentido, fómase a comprensión dos principios de xustiza, liberdade e seguridade, sobre os que se asenta a garantía da convivencia democrática, a promoción do progreso da cultura e da economía, así como o establecemento e a colaboración no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da terra.

Desta maneira oriéntase aos alumnos e ás alumnas para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Valores sociais e cívicos contribúe a que o alumnado mellore a súa competencia para aprender e ter iniciativa, estimulando a motivación, o esforzo e as capacidades de reflexión, síntese e estruturación. Axúdaos a enfrontarse aos problemas, experimentar e realizar proxectos en equipo, traballar de forma independente, tomar decisións e xerar alternativas persoais.

A metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

O ensino da área require que o profesorado estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Debe potenciar, ademais, o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución de problemas.

Para facilitar a concreción curricular establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global tendo en conta as conexións internas tanto a nivel de curso como ao longo da etapa.

As propostas metodolóxicas son decisivas para favorecer que se integren na súa vida cotiá o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuindo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Polo tanto, necesariamente, haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado —xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial— para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade. De aí a importancia de propoñer o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permite ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

Finalmente, mediante a toma de decisións baseadas en xuízos morais e a resolución de problemas e conflitos en colaboración, contribúese á adquisición das competencias necesarias para seguir diversos procesos de pensamento, utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA				
- m - k	B1.1. O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.	B1.1. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal	VSCB1.1.1. Explica o valor da respectabilidade e da dignidade persoal.	- CSC - CCL
			VSCB1.1.2. Actúa de forma respectable e digna.	- CSC - CSIEE
			VSCB1.1.3 Coñece e asume os rasgos característicos da súa personalidade, poñéndoo de manifesto asertivamente.	- CAA - CCL
- m - a	B1.2. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.	B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.1. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.	CAA
			VSCB1.2.2. Describe o valor da reestruturación cognitiva e a resiliencia.	- CCL - CSIEE
			VSCB1.2.3 Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.	- CSC - CSIEE
			VSCB1.2.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	- CSC - CSIEE - CCL
- m - b	B1.3. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. A automotivación.	B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.	- CSC - CSIEE
			VSCB1.3.2. Explica razóns para asumir as súas responsabilidades durante a colaboración.	- CSC - CCL - CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			VSCB1.3.3. Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	- CSC - CAA - CSIEE
- b - m	B1.4. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade en si mesmo e en si mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. Tolerancia á frustración.	B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.1.Propón alternativas á resolución de problemas sociais.	- CSC - CSIEE
			VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	- CSC - CSIEE
- b - c	B1.5. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. Causas e consecuencias das acción propias. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	B1.5. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisións persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	VSCB1.5.1. Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións éticas.	- CSC - CSIEE
			VSCB1.5.2. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.	- CSC - CSIEE
- a - c	- B1.6. A iniciativa. O emprendemento. A autoproposta de desafíos. A importancia da iniciativa privada na vida económica e social. - B1.7. Busca e elaboración de información por diversas fontes.	B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.6.1. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais	- CSC - CSIEE - CCEC
			VSCB1.6.2. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas	- CSC - CAA - CSIEE
			VSCB1.6.3. Razoa a importancia da iniciativa privada na vida económica e social.	CSIEE
BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS				
- b - m	B2.1. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar e argumentar	B2.1. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía	VSCB2.1.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.	- CCL - CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	preguntar e argumentar.	Empatía.	▪ VSCB2.1.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
			▪ VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.	▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL
▪ c ▪ m ▪ e	▪ B2.2.Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversacións. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	▪ B2.2. Iniciar, manter e finalizar conversacións cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	▪ VSCB2.2.1. Comparte sentimentos durante o diálogo.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
			▪ VSCB2.2.2. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.	▪ CCL ▪ CSC
▪ e ▪ m	▪ B2.3. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	▪ B2.3.Empregar a aserción.	▪ VSCB2.3.1. Emprega a linguaxe positiva.	▪ CCL ▪ CSC
			▪ VSCB2.3.2. Autoafirmase con respecto.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
▪ b ▪ m	▪ B2.4.O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.	▪ B2.4. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	▪ VSCB2.4.1 Infire e dá o sentido adecuado á expresión dos e das demais.	▪ CCL ▪ CSC
			▪ VSCB2.4.2.utiliza correctamente as estratexias de escoita activa: clarificación, parafraseo, resumo, reestruturación, reflexo de sentimentos.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- c - m - o	B2.5. A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	B2.5. Establecer relacións interpersonais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.5.1. Interacciona con empatía.	- CSC - CCL - CSIEE
			VSCB2.5.2. Sabe contribuír á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	- CSC - CSIEE
- a - m - e	- B2.6. Os estereotipos. As consecuencias dos prexuízos. Desenvolvemento de actitudes de solidariedade ante problemas e necesidades das persoas máis desfavorecidas. - B2.7. Identificación, axuizamento crítico e rexeitamento das situacións de marginación, discriminación e inxustiza social. - B2.8. Creación de textos, empregando a linguaxe verbal e non verbal, para comunicar en diferentes soportes as conclusións de investigacións realizadas sobre situacións do seu contorno.	B2.6. Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.	VSCB2.6.1. Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.	- CSC - CSIEE
			VSCB2.6.2. Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.	- CCL - CSC - CCEC
			VSCB2.6.3. Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.	- CCL - CCEC - CSC - CD - CAA
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS				
- b - m	B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo).	B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e	VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	- CSC - CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas. B3.2.Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión.	actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	- CSC - CSIEE
b	- B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. - B3.4. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.	B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	- CAA - CSIEE - CSC
			VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.	- CAA - CSIEE - CSC
			VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	CSC
			VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva.	- CSC - CSIEE - CAA
a	B3.5. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola co-	B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.1.Explica o concepto de norma.	- CCL - CSC
			VSCB3.3.2. Infíre a necesidade das normas da súa comunidade educativa	- CAA - CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	ras e asumidos polo grupo e pola comunidade.		VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas do colexio.	- CCL - CSC - CSIEE
			VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.	CSC
- c - m	B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.	- CSC - CSIEE
			VSCB3.4.2. Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.	- CSC - CSIEE
			VSCB3.4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.	- CCL - CSC
			VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.	- CSC - CSIEE
- d - m	B3.7. O altruísmo. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise crítico das causas que provocan situación de marxinación, de discriminación e de inxustiza social. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.	B3.5. Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor.	VSCB3.5.1. É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos.	- CCL - CSC - CSIEE
			VSCB3.5.2. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.	- CSC - CSIEE
- a - m	B3.8. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión	B3.6. Crear un sistema de valores asumindo os dereitos e deberes do alumnado, realizando xuízos morais	VSCB3.6.1. Realiza xuízos morais de situacións escolares.	- CSC - CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusión de minorías étnicas, os campos de concentración, o holocausto. Os dereitos e deberes do alumnado.	discriminación, realizando xuízos morais de situacións escolares e resolvendo dilemas morais con supostos prácticos.	VSCB3.6.2. Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.	- CSC - CSIEE
- d - o	B3.9. Conceptualización do dilema moral. Resolución de dilemas morais.	B3.7. Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais.	VSCB3.7.1. Expresa o que é un dilema moral.	- CSC - CCL
			VSCB3.7.2. Realiza xuízos morais.	- CSC - CSIEE
			VSCB3.7.3. Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.	- CSC - CSIEE
			VSCB3.7.4. Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais.	- CSC - CSIEE
- a - d - o	B3.10. Convivencia pacífica en sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.	B3.8. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.	VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...	- CSC - CSIEE
			VSCB3.8.2. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade.	- CSC - CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	- B3.11. Formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades. - B3.12. Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. Análise destes feitos.		VSCB3.8.3. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.	- CSC - CSIEE
- d - a	- B3.13. Dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e de opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. - B3.14. Sensibilidade e respecto polos costumes, valores morais e modos de vida distintos aos propios.	B3.9. Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese.	VSCB3.9.1. Valora e respecta a libre expresión.	CSC
			VSCB3.9.2. Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.	CSC
			VSCB3.9.3. Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.	- CSC - CSIEE
			VSCB3.9.4. Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.	- CSC - CSIEE - CCL
- d - m	B3.15. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.	B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.10.1. Axuiza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.	- CSC - CSIEE
a	B3.16 Os valores sociais e a democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. De-	B3.11. Respetar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española	VSCB3.11.1. Axuiza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática.	- CSC - CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	reitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática.	e os dereitos e deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organizacións e servizos públicos que garantan os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno.	VSCB3.11.2. Razona a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	- CSC - CCL
- a - o	B3.17. Principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española.	B3.12. Crear un sistema de valores propios realizando xuízos morais baseados nos dereitos e deberes básicos do Estatuto de autonomía e da Constitución española.	VSCB3.12.1. Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.	- CSC - CCL
			VSCB3.12.2. Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados.	- CSC - CSIEE
			VSCB3.12.3. Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	- CSC - CSIEE
- a - e	B3.18. Os servizos públicos e bens comúns. Defensa, identificación, aprecio, respecto e coidado dos bens comúns e dos servizos públicos: contribución da cidadanía a través dos impostos. A responsabilidade social. A xustiza social.	B3.13. Comprender a importancia da contribución dos cidadáns e cidadás aos servizos públicos e aos bens comúns a través dos impostos realizan-do razoamentos críticos.	VSCB3.13.1. Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade.	- CSC - CCL - CSIEE
			VSCB3.13.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás.	- CSC - CCL
			VSCB3.13.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.	- CSC - CCEC - CD - CCL - CSIEE
- h - g - o	B3.19 Fontes de enerxía renovables e non renovables. Identificación das actitudes e estratexias individuais e colectivas de consumo enerxético responsa-	B3.14. Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica	VSCB3.14.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.	- CSC - CCL - CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	die. - B3.20. Rutinas individuais para mellorar a calidade de vida. Reflexión sobre as posibilidades de cambio. - B3.21. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar conclusións - B3.22. Realización e interpretación de gráficos sinxelos.	cara aos acontecementos que o modifican.	- VSCB3.14.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía. - VSCB3.14.3. Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida. - VSCB3.14.4. Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.	- CSC - CAA - CCL - CSC - CAA - CSIEE - CSC - CD - CMCT - CCEC
k	- B3.23. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.. - B3.24. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade - B3.25. Os primeiros auxilios	B3.15 . Ser capaz de realizar primeiros auxilios e tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	- VSCB3.15.1. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida. - VSCB3.15.2. Coñece as prácticas de primeiros auxilios.	- CCL - CAA - CSIEE - CSC - CSIEE
- a - i	B3.26. Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade e dos contidos que se presentan no contorno dixital para desenvolver a capacidade crítica.	B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	- VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías. - VSCB3.16.2. Analiza e enxúza criticamente os contidos do contorno dixital.	- CD - CSC - CCL - CAA - CSC
i	B3.27. O consumo responsable. Identificación de actitudes e estratexias persoais e colectivas de consumo responsable	B3.17. Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías.	VSCB3.17.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.	- CD - CSC - CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	- B3.28. A publicidade e as súas técnicas. Influencia nos hábitos de consumo. - B3.29. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar conclusións.		- VSCB3.17.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos. - VSCB3.17.3. Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.	- CSC - CCEC - CD - CSC - CCL - CCEC - CSIEE
n	- B3.30. Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico. - B3.31. Comunicación da información elaborada por diferentes medios - B3.32. Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios	B3.18. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais.	- VSCB3.18.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación. - VSCB3.18.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións. - VSCB3.18.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.	- CSC - CSIEE - CAA - CSC - CCL - CSC - CCL - CSIEE

CURRÍCULUM

EA

SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas específicas

Área de Educación Artística

Á hora de abordar a Educación artística, que nesta etapa engloba a Educación musical e a Educación plástica, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais.

Por outra banda, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador.

Nesta etapa, a área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura musical e visual.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras ou traballos por parte do alumnado, feito no que se centran algúns dos estándares deste currículo, xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

Xa que logo, para desenvolver este currículo tivemos en conta a total integración nel da aprendizaxe por competencias, de xeito que o profesorado poida utilizar este documento como guía e base da adquisición de competencias do seu alumnado, obxectivo primordial deste enfoque.

Para isto, é imprescindible que o proceso de ensino e aprendizaxe parta dunha planificación rigorosa, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial do alumno ou da alumna e ás súas condicións socioculturais. Estes métodos deben partir da perspectiva do persoal docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto, que o alumno ou a alumna deben resolver.

Así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, e propónse, por isto, introducir estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías e facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

Faise necesaria unha implicación do profesorado na creación de materiais adecuados a estes modelos de aprendizaxe, así como un compromiso co desenvolvemento destas metodoloxías na aula, feito que leva consigo un importante nivel de coordinación de todos os membros da comunidade educativa -en particular as familias-, unha reflexión e a avaliación dos resultados, para definir melloras posteriores.

Por último, para facilitar a concreción curricular tanto na área de Música como na de Educación plástica establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto con respecto ao curso como ao longo da etapa.

Educación plástica

Bloque 1. Educación audiovisual. Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.

Bloque 2. Expresión artística. Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.

Bloque 3. Debuxo xeométrico. Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científico-tecnolóxica estará moi presente.

Educación musical

Bloque 1. A escoita. Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.

Bloque 2. A interpretación musical. O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.

Bloque 3. A música, o movemente e a danza. Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
▪ j ▪ e ▪ b	▪ B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo. ▪ B1.2. O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos. ▪ B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes.	▪ B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	▪ EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC
			▪ EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	▪ CCEC ▪ CAA
			▪ EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	▪ CCEC ▪ CAA
			▪ EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.	▪ CCEC ▪ CCL
			▪ EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.	▪ CCEC ▪ CCL
			▪ EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.	▪ CCEC ▪ CCL
▪ j ▪ e ▪ b	▪ B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías. ▪ B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual. ▪ B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe. ▪ B1.7. Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.	▪ B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	▪ EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).	▪ CCEC ▪ CCL
			▪ EPB1.2.2. Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.	▪ CCEC ▪ CCL
			▪ EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.	▪ CCEC ▪ CCL

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	- B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais. - B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización.		EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.	- CCEC - CAA - CCL
			EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.	- CCEC - CCL - CAA
			EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.	- CCEC - CAA
			EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	- CCEC - CAA - CD
- j - i - a	- B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción. - B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación). - B1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación. - B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe.	B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.	- CD - CSC
			EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa..	- CSC - CD

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
- j - b	- B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións. - B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística. - B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición).	B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	- EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso. - EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.). - EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións. - EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura. - EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades. - EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións. - EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor. - EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.	- CCEC - CAA CCEC - CAA - CCEC - CAA - CCEC - CAA - CAA - CCEC - CAA - CCEC - CAA - CCEC - CAA - CCEC - CCEC - CAA - CCEC - CCL

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			- EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.). - EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.	
- j - b	- B2.4. Análise das formas de representación de volume. - B2.5. Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais. - B2.6. Comparación entre as formas que adopta a representación do espazo en diferentes áreas ou ámbitos.	B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.	EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	- CCEC - CAA
			EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.	- CCEC - CAA
			EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	- CCEC - CAA
			EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.	- CCEC - CAA
- d - j	- B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas. - B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos. - B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación. - B2.10. Elaboración de documentos rela-	B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.	- CSC - CCEC
			EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.	- CSC - CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	cionados con obras, creadores e creadoras, e manifestacións artísticas.		EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.	- CSC - CCEC
- i - j - b	- B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados. - B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística.	B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.	- CD - CCEC
			EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.	- CD - CCEC
			EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).	- CCEC - CD
- a - b - j	- B2.13. Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade. - B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas). - B2.15. Realización individual ou en grupo, con establecemento de momentos de revisión.	B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.	- CCEC - CAA
			EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	- CSC - CCEC
			EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	- CSC - CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	con establecemento de momentos de reflexión e de reflexión sobre o proceso seguido.		EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.	- CSC - CCEC - CAA
BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO				
- g - b - j	- B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado. - B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala. - B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas. - B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva. - B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais.	B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.	EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.	- CCEC - CAA - CMCCT
			EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	- CCEC - CAA - CMCCT
			EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.	- CCEC - CMCCT
			EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.	- CMCCT - CCEC
			EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.	- CMCCT - CCEC
			EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.	- CMCCT - CCEC
			EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.	- CMCCT - CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.	- CCEC - CMCCT - CAA
			EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.	- CCEC - CAA
			EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.	CMCCT
			EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.	- CCEC - CAA
			EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.	- CCEC - CMCCT
			EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.	- CCEC - CMCCT - CSIEE
			EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.	- CMCCT - CCEC
			EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.	- CMCET - CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ j ▪ g ▪ b	▪ B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final.	▪ B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.	▪ EPB3.2.1.Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CMCCT

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
▪ j ▪ b ▪ e	▪ B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son. ▪ B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.	▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA
▪ b ▪ e ▪ o	▪ B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. ▪ B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. ▪ B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.	▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
			▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCEC
▪ h ▪ a ▪ d	▪ B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas. ▪ B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais. ▪ B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.	▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.	▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	▪ CSC ▪ CCEC
			▪ EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	▪ CSC ▪ CCEC
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL				

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ j ▪ e ▪ k	▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.	▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.	▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
▪ j ▪ b ▪ d/a	▪ B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce. ▪ B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon. ▪ B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz. ▪ B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas. ▪ B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores. ▪ B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final. ▪ B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.	▪ B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	▪ EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.	▪ CCEC ▪ CAA
			▪ EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	▪ CCEC
			▪ EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	▪ CCEC
			▪ EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	▪ CAA ▪ CCEC
			▪ EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	▪ CAA ▪ CCEC
			▪ EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	▪ CSC
			▪ EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixislos.	▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ i ▪ j	▪ B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos. ▪ B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese. ▪ B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios. ▪ B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.	▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	▪ EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CD
			▪ EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	▪ CAA ▪ CD ▪ CCL
			▪ EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	▪ CD ▪ CCEC
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA				
▪ j ▪ b ▪ h/d ▪ o	▪ B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás. ▪ B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural. ▪ B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva. ▪ B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos. ▪ B3.5. Gravación e rexistro das danzas inter-	▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	▪ EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	▪ CAA ▪ CCEC
			▪ EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	▪ CCEC
			▪ EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	▪ CCEC
			▪ EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.	▪ CSC ▪ CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	• B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.		▪ EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.	▪ CAA ▪ CCEC
			▪ EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.	▪ CAA
			▪ EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.	▪ CAA ▪ CSC
			▪ EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.	▪ CSC

CURRÍCULUM

LGL

SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas de libre configuración autonómica

Área de Lingua galega e literatura

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era de internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactuar correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blog.

Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área.

Unido a calquera lingua minorizada hai que ter en conta intereses próximos á sociolingüística, como a valoración dese sistema de expresión e a súa literatura, os textos elaborados nese código como representantes dunha cultura, na que creceron os nosos antepasados e moitos de nós e que cómpre coidar e cultivar. Xa que logo, aprender lingua é tamén apropiarse dos significados culturais que esta transmite e dos modos en que as persoas do contorno entenden e interpretan a realidade.

O currículo para a área de Lingua galega e literatura ten unha estrutura similar nos 6 cursos da educación primaria. Os contidos aparecen repartidos en bloques, o que non presupón que a actividade docente se deba corresponder a esta ordenación; ao contrario, débense producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, Comunicación Oral: falar e escoitar, recolle diversos aspectos da lingua oral. O uso oral é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan as persoas falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como aquelas que empregan para comprender mensaxes orais ou para producilas.

O bloque 2, Comunicación escrita: ler, recolle diversos aspectos da comprensión escrita. A lectura implicará dominar a descodificación do texto e achegarse a unha progresiva regulación de estratexias que permiten operar co significado do texto, establecendo relacións entre coñecementos previos e información nova. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica poñer en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, ler para aprender a propia lingua, ler por pracer.

O bloque 3, Comunicación escrita: escribir, potencia o uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita. Este uso da lingua implica o coñecemento das posibilidades que ofrece o código desde o punto de vista do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso e da dimensión estética. A produción escrita significará buscar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos e revisando a escrita final. Nesta etapa consolidaranse o dominio de técnicas gráficas, a relación son-grafía, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto. O ensino do proceso de escritura pretende conseguir que o alumnado tome conciencia deste proceso como un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores e redacción e revisión do texto definitivo.

O bloque 4, Coñecemento da lingua, integra contidos relacionados co código e coa súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o uso correcto da lingua, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo. Os contidos estrutúranse arredor de catro eixes. O primeiro é a observación da palabra, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos; o segundo aborda as relacións gramaticais que se establecen entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto; o terceiro afonda nos elementos que participan na confección dun discurso correcto; e o cuarto céntrase na valoración e coñecemento da lingua galega dentro do contexto plurilingüe.

O bloque 5, Educación literaria, asume o obxectivo de facer dos alumnos e das alumnas lectores competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. Para acadar este obxectivo é necesario alternar a lectura, comprensión e interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas que acheguen o coñecemento básico sobre algunhas obras representativas tradicionais e actuais da nosa literatura.

Os tres primeiros bloques do currículo, a lingua oral e a escrita, desenvolveranse a través dun traballo sistemático que utilice unha ampla gama de situacións comunicativas, cotiás e funcionais. Na vida diaria da escola prodúcense moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos de área; entre estas situacións están: as comunicacións para planificar; chegar a consenso; poñer en común; debater; tomar decisións sobre procesos que se van seguir; establecer responsabilidades; comunicar resultados; comparar; contrastar respostas, opinións e significados; xustificar e verbalizar estratexias; valorar tarefas; transmitir emocións e informacións; estruturar coñecemento; defender ar-

gumentos e puntos de vista; preguntar... A práctica destas situacións colaborará no labor da lingua como vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo. Con todo, para acadar unha correcta competencia en comunicación lingüística, as prácticas orais deben formar parte da actividade cotiá da aula en todas as áreas do currículo.

O cuarto bloque, debe ser abordado na aula, de forma contextualizada, relacionado coa comprensión e produción de textos, froito da concepción do coñecemento da lingua como instrumento e non como fin en si mesmo. O quinto bloque pretende reforzar o bloque 2, engadindo o achegamento ao feito literario, para que o alumnado o recoñeza como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. Do mesmo xeito, complementa o bloque 3, motivando outro tipo de produción escrita que atenda especialmente a creatividade do alumnado.

O tratamento de todos estes contidos ten que ser abordado desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deles ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, polo tanto, ter en conta os contidos abordados nos 5 bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

Esta área de Lingua galega e literatura está estreitamente relacionada coa de lingua castelá e literatura. Ambas áreas teñen unha distribución de contidos similar en cada un dos cursos que conforman a educación primaria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, polo que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade que presentan en ambas as áreas, precisan ser abordados de maneira parella. O profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de lingua galega e literatura e de lingua castelá e literatura, en cada curso da educación primaria, deberá organizar o seu labor para evitar a repetición de contidos teóricos cun tratamento similar. Serán os contidos do bloque 4 os que requiren unha maior distribución entre as dúas áreas, pero algúns dos tres primeiros bloques, que teñen que ver coas características da tipoloxía textual, coas normas básicas de presentación de traballos ou o uso da puntuación, tampouco deben ser abordados en ambas as áreas desde un punto de vista teórico. Do mesmo xeito, é preciso que o profesorado se decante polo uso da mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. Todas estas medidas deberán ser contempladas na programación anual de cada área, para cada curso da educación primaria, onde tamén deberá mencionarse, se é preciso, a colaboración entre o profesorado para desenvolver determinadas actividades ou probas orais.

Do mesmo xeito, no centro teñen presenza lingua(s) estranxeira(s) que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo. Na busca dun tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece no caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas linguas e o de lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos teóricos, na liña dos que se mencionaron para as linguas ambientais, e se unifique a terminoloxía, sempre que sexa preciso. Ademais, non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e a(s) ambiental(is). Polo tanto, na programación de todas as áreas lingüísticas terán que terse en conta as iniciativas que promoven o tratamento integrado das linguas, así como a colaboración entre o profesorado antes detallada.

En definitiva, o currículo desta área persegue como obxectivo último crear cidadáns e cidadás conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa e capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR				
- a - e	B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos, distinguindo información de opinión, e elaboración dun resumo.	B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.	- CCL - CAA
			LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.	- CCL - CSC
- b - d - e - i - o	- B1.2. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e a experiencias doutras persoas. - B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender.	B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	- CCL - CD - CAA - CSC
			LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.	- CCL - CD - CAA - CSIEE
	B1.4. Interpretación elemental en textos orais da retransmisión, da ironía e de dobres sentidos, recoñecendo a primeira como un trazo característico da lingua galega.	B1.3. Interpretar a retransmisión, a ironía e os dobres sentidos, entendendo a primeira como un trazo característico da lingua galega	LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retransmisión, a ironía e os dobres sentidos.	CCL
			LGB1.3.2. Recoñece a retransmisión como un trazo característico da lingua galega.	- CCL - CCEC - CSC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- a - b - c - e - o	B1.5. Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).	B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.	- CCL - CAA - CSC - CSEIEE
			LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae as ideas máis destacadas.	- CCL - CAA
			LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.	- CCL - CSIEE - CAA
			LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.	- CCL - CSIEE - CAA
			LGB1.4.5 Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.	- CCL - CAA - CSIEE
- a - c - e - o	B1.6. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).	B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.	- CCL - CSC
			LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.	- CCL - CSC
- a - c - d	B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas,	B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que	LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	- CCL - CSC - CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).	rexen a interacción oral.	▪ LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			▪ LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptadas ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión, procurando a empatía coa persoa interlocutora.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			▪ LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			▪ LGB1.6.5. Participa activamente na conversa formulando e contestando preguntas.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ e ▪ o	▪ B1.8. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade. Incorporación das intervencións das demais persoas, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións.	▪ B1.7. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	▪ LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB1.7.2. Elaboro un discurso oral cohesivo, utilizando nexos adecuados.	▪ CCL
			▪ LGB1.7.3. Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto.	▪ CCL ▪ CSC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB1.7.4. Amosa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.	- CCL - CCEC
- b - e - i	B1.9. Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer e compartir información e opinión.	B1.8. Elaborar textos propios dos medios de comunicación.	LGB1.8.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación.	- CCL - CD - CAA - CSIEE - CSC
- d - e	B1.10. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas, posturas corporais).	B1.9. Reforza a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual.	LGB1.9.1. Utiliza a expresividade corporal: acenos, miradas, postura corporal... para reforzar o sentido das súas producións orais.	- CCL - CCEC - CSC - CAA
- b - d - e	B1.11. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.10.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe activamente ao traballo en grupo.	- CCL - CAA - CSIEE
e	B1.12. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.	- CCL - CAA - CCEC - CSIEE
- a - d - e - o	B1.13. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B1.12. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LGB1.12.1. Usa unha linguaxe non sexista.	- CCL - CSC
			LGB1.12.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.	- CCL - CSC
- a - d	B1.14. Recoñecemento e valoración das diferenzas dialectais orais da lingua galega, como elemento enriquecedor da lingua	B1.13. Recoñecer e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega	LGB1.13.1. Recoñece textos orais pertencentes a diferentes variedades da lingua galega.	- CCL - CCEC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e ▪ o	Elemento enriquecedor da lingua.	lega.	▪ LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como un símbolo de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
▪ a ▪ d ▪ e ▪ o	▪ B1.15. Identificación da lingua galega con calquera contexto de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	▪ B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.	▪ LGB1.14.1. Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral: sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...	▪ CCL ▪ CCEC
			▪ LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER				
▪ b ▪ e ▪ l ▪ J ▪ o	▪ B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos. ▪ B2.2. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas. ▪ B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios)	▪ B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	▪ LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	▪ CCL ▪ CD ▪ CSC
			▪ LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).	▪ CCL
			▪ LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ LGB2.1.4. Interpreta metáforas, personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	mas, fragmentos literarios,		LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión.	CCL
			LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia información, opinión e publicidade.	- CCL - CAA
			LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	- CCL - CAA - CSIEE
			LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.	- CCL - CAA - CSIEE
- b - e	B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións.	B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.	- CCL - CAA - CSC - CSIEE - CMCT
- b - e	B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.	B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto.	- CCL - CAA
			LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.	- CCL - CAA
			LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto.	- CCL - CAA
- b - e	B2.6. Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).	B2.4. Utilizar estratexias para mellorar a lectura.	LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.	- CCL - CAA - CSIEE

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.	- CCL - CAA - CSIEE
- b - e - i	B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.	B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.	- CCL - CD - CAA
			LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.	- CCL - CD
			LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	- CCL - CAA - CD - CSIEE
- b - e - o	B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.	B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.	- CCL - CSIEE - CAA
- a - b - e	- B2.9. Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual. - B2.10. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.	B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.	LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.	- CCL - CAA
			LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.	CCL
			LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.	CCL
			LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...	- CCL - CAA - CSC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		interpretación.	LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.	- CCL - CSC
- a - b - e - i	- B2.11. Uso da biblioteca de aula e do centro, amosando coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas. - B2.12. Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.	B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con autonomía abunda, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.	LGB2.8.1. Usa a biblioteca de aula con autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	- CCL - CAA - CSC
			LGB2.8.2. Usa a biblioteca de centro con autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e na súa mellora.	- CCL - CAA - CSC
			LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con autonomía.	- CCL - CAA - CD
- a - b - e	B2.13. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.	B2.9. Ter interese por ter unha biblioteca propia, física ou virtual.	LGB2.9.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros físicos e/ou virtuais.	- CCL - CAA - CSC
- a - b - e	B2.14. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.	B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	- CCL - CAA - CSC - CCEC
- a - b - e	B2.15. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.	B2.11. Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen	LGB2.11.1. Amosa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.	CCL

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ m		de expresar preferencias.	▪ LGB2.11.2. Éxpresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
▪ a ▪ d ▪ e ▪ o	▪ B2.16. Análise de textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.	▪ B2.12. Analizar textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.	▪ LGB2.12.1. Percibe as diferenzas lingüísticas presentes nas variedades da lingua galega. ▪ LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora.	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR				
▪ a ▪ b ▪ e	▪ B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor.	▪ B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	▪ LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais. ▪ LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesiónando os enunciados. ▪ LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto.	▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCL

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.	- CCL - CSC - CCEC
			LGB3.1.5. Revisa e reescribe o texto cando é preciso.	- CCL - CAA - CSIEE
			LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.	- CCL - CAA - CSIEE
- a - b - e - i	- B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, mensaxes curtas) de acordo coas características propias destes xéneros. - B3.3. Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situacións reais ou simuladas.	B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...	- CCL - CAA - CD
			LGB3.2.2. Escribe, en diferentes soportes, textos propios dos medios de comunicación, imitando modelos.	- CCL - CSC - CCEC - CAA
			LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.	- CCL - CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.	- CCL - CSC - CCEC
			LGB3.2.5. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	- CCL - CSC - CAA
- b - e	B3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).	B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...	- CCL - CAA - CSIEE
- a - b - e - j	B3.5. Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...	B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.	LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...	- CCL - CSC - CCEC - CAA - CSIEE
			LGB3.4.2. Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.	- CCL - CSC - CCEC - CAA - CSIEE

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB3.4.3. Aprecia os usos creativos da lingua-xe.	- CCL - CSC - CCEC - CAA - CSIEE
- b - d - e - i - j	B3.6. Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.	B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.	- CCL - CD - CAA - CSIEE
			LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.	- CCL - CAA - CSIEE - CD
			LGB3.5.3. Utiliza correctores de textos.	- CCL - CD - CAA - CSIEE
			LGB3.5.4. Utiliza as TIC para realizar presentacións.	- CCL - CD - CSIEE
- b - e - i - j	B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía) e ilustración creativa dos propios textos.	B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.	LGB3.6.1. Utiliza recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.	- CCL - CD - CSIEE

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ a ▪ b ▪ e ▪ i	▪ B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. ▪ B3.9. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.	▪ B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	▪ LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
			▪ LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	▪ CCL ▪ CSC
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
▪ e	▪ B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; clases de palabras, sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición, conxunción e interxección; grupo de palabras: núcleo e complementos; substantivos, artigos e pronomes, adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; complementos do nome e complementos do verbo: o suxeito.	▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	▪ LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB4.1.4. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo e imperativo.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB4.1.5. Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.	▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ e	▪ B4.2. Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos. ▪ B4.3. Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.	▪ B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	▪ LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			▪ LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.	▪ CCL
▪ e ▪ e	▪ B4.4. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe. ▪ B4.5. Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado. ▪ B4.6. Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación, tanto na escritura como na expresión oral.	▪ B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	▪ LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.	▪ CCL
			▪ LGB4.3.3. Respecta as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
▪ e	▪ B4.7. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...), así como doutros elementos de cohesión, en relación coa composición de textos.	▪ B4.4. Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión.	▪ LGB4.4.1. Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB4.4.2. Recoñece determinados procesos de cohesión nos textos: anáfora, deixé, elipse, sinónimos...	▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	- B4.8. Identificación, en oracións, do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como o papel semántico deste (axente, paciente e causa). - B4.9. Transformación de oracións de activa en pasiva, e viceversa, para mellorar a comprensión de determinados textos.	B4.5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.	LGB4.5.1. Identifica, en oracións, o papel semántico do suxeito..	- CCL - CAA
			LGB4.5.2. Transforma oracións activas en pasiva, e viceversa.	- CCL - CAA
▪ e	B4.10. Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración, e viceversa, para mellorar a produción de textos.	B4.6. Transformar un texto narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto e viceversa.	LGB4.6.1. Transforma un texto narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto e viceversa.	- CCL - CAA
▪ b ▪ e ▪ i	- B4.11. Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital, na busca da ampliación do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical. - B4.12. Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas. - B4.13. Ampliación do vocabulario mediante os procedementos de creación de palabras: derivación (prefixos e sufixos) e composición.	B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.	- CCL - CAA - CD
			LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas.	- CCL - CAA
			LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.	- CCL - CAA
- a - d - e - h - m	B4.14. Coñecemento das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	B4.8. Coñecer as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	LGB4.8.1. Identifica as características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega.	- CCL - CCEC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
o			LGB4.8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	- CCL - CSC - CCEC
- a - b - d - e - m - o	B4.15. Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias.	B4.9. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.	LGB4.9.1. Recoñece e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.	- CCL - CCEC
			LGB4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.	- CCL - CCEC - CAA - CSIEE
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				
- b - d - e - o	- B5.1. Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral. - B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	B5.1. Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.	- CCL - CAA - CCEC
			LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	- CCL - CCEC
- b - d - e - i	- B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela). - B5.4. Lectura guiada de textos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.	B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	- CCL - CCEC - CD
			LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	- CCL - CCEC - CD

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ d ▪ e	▪ B5.5. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos.	▪ B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.	▪ LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.	▪ CCL ▪ CCEC
			▪ LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.	▪ CCL
			▪ LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras.	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CAA
			▪ LGB5.3.4. Identifica temas e tópicos recorrentes na literatura.	▪ CCL ▪ CCEC
▪ b ▪ e	▪ B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.	▪ B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.	▪ LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC
▪ b ▪ d ▪ e	▪ B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios diversos.	▪ B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios diversos.	▪ LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios diversos.	▪ CCL
▪ a ▪ d ▪ e ▪ o	▪ B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	▪ B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	▪ LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- a - d - e - o	- B5.9. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. - B5.10. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.	B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.	- CCL - CCEC
			LGB5.7.2. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	- CCL - CCEC



CADRO DISTRIBUCIÓN HORARIA

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	5	5
Ciencias sociais	3	2	3	2	2	3
Ciencias da natureza	2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación artística	2	2	2	2	2	2
Educación física	2	2	2	2	2	2
Relixión/ Valores sociais e cívicos	1	2	1	1	1	1
Libre configuración				1		1
TOTAIS	25	25	25	25	25	25